

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DEPARTAMENTO DE GREGO
I.E.S GONZALO TORRENTE BALLESTER,
PONTEVEDRA
CURSO 20_21**

ÍNDICE

MARCO LEXISLATIVO	4
CONTEXTUALIZACIÓN	4
COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO	4
CULTURA CLÁSICA (3º ESO)	5
Introdución	5
Obxectivos de etapa_eso (currículo LOMCE)	5
Obxectivos por curso	6
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	8
Criterios de avaliación e concreción dos mínimos esixibles	11
Actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contido	17
Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe	20
Metodoloxía	24
Procedementos de avaliación	25
Criterios de cualificación	25
Medidas de atención á diversidade	26
Accións de contribución ao Proxecto Lector e Proxecto Lingüístico do centro	26
Actividades de reforzo/ recuperación	27
Materiais didácticos incluídos os libros de texto	28
Procedemento e sistemática de control, seguimento e avaliación dos obxectivos da etapa, por parte do alumnado	28
GREGO I	29
Obxectivos da etapa_bac (currículo LOMCE)	29
Obxectivos por curso	30
Criterios de avaliación e concreción dos mínimos esixibles	30
Actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contido	33
Temporalización	33
Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe	36
Metodoloxía	39
Procedementos de avaliación	39
Criterios de cualificación	39
Accións de contribución ao Proxecto Lector e Proxecto Lingüístico do centro	40
Actividades de reforzo/ recuperación	41
Materiais didácticos incluídos os libros de texto	41
Procedemento e sistemática de control, seguimento e avaliación dos obxectivos da etapa, por parte do alumnado	41

GREGO II	42
Introdución	42
Obxectivos da etapa_bac (currículo LOMCE)	43
Obxectivos por curso	43
Criterios de avaliación e concreción dos mínimos esixibles	44
Actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contido	48
Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe	51
Metodoloxía	54
Procedementos e instrumentos de avaliación	54
Criterios de cualificación	55
Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores	55
Participación no proxecto lector de centro	56
Materiais e recursos didácticos incluídos o libro de texto	56
Procedementos para acreditar os coñecementos necesarios nos contidos progresivos	56
Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial (comúns ás materias)	56
Accións de educación en valores e de contribución ao plan de convivencia (comúns ás materias)	57
Accións de contribución ao Plan TIC do centro (comúns ás materias)	61
Actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar (comúns ás materias)	61
Procedemento e indicadores para a avaliación da propia programación /práctica docente	62
ORATORIA	
Introdución	64
O discurso persuasivo	64
A elaboración do discurso persuasivo	64
A presentación do discurso persuasivo	65
Oratoria, valores e educación emocional	65
Materiais e recursos didácticos	72
Criterios de avaliación	72
POTENCIAL ENSINO TELEMÁTICO EN CASO DE CONFINAMENTO E ATENCIÓN A ALUMNOS CONFINADOS	72

MARCO LEXISLATIVO

A presente programación baséase no seguinte marco lexislativo:

- Ley Orgánica de Educación 2/2006, de 3 de maio (LOE), modificada pola Lei Orgánica de Educación para la Mejora de la Calidad Educativa 8/2013, de 9 de diciembre (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.
- Orden ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Gonzalo Torrente Ballester está situado na zona sur do núcleo urbano da cidade de Pontevedra.

Conta con tres centros adscritos de Educación Primaria pertencentes a dúas parroquias rurais do concello: o CEIP A Carballeira de Lourizán e os CEIP San Martiño e de Cabanas de Salcedo. Ademais, no bacharelato recibe alumnos de concellos limítrofes como Soutomaior, Vilaboa, Barro, Cotobade, Marín etc.

A procedencia sociocultural do alumnado é bastante variada, en especial en bacharelato, xa que, xunto ao alumnado que procede dos centros adscritos e da cidade, hai que engadir unha cantidade significativa procedente do rural, dos concellos de Vilaboa (CPI do Toural) e de Soutomaior (CPI Manuel Padín Truiteiro). Nestes últimos predomina o uso da lingua galega.

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

O Departamento de Grego está integrado por un só membro, que é ademais o Xefe de departamento e conta dos seguintes grupos e materias:

- ORATORIA 2º ESO
- CULTURA CLÁSICA 3º ESO
- GREGO 1º BACHARELATO
- GREGO 2º BACHARELATO

CULTURA CLÁSICA (3º ESO)

INTRODUCCIÓN

A materia de Cultura Clásica ten como finalidade facilitar ao alumnado un primeiro achegamento xeral ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico e lingüístico, con obxecto de que, a partir do seu estudo, poida tomar conciencia da pervivencia, influencia e presenza de moitos destes aspectos na cultura occidental, mellorando deste xeito a súa comprensión do que constitúe a súa identidade cultural e das diversas manifestacións que a definen. A través da Cultura Clásica preténdese iniciar ao alumnado nun exercicio de reflexión e análise sobre as bases sobre as que descansan algunhas das realidades máis características de nosa cultura, confrontando estas con diversos aspectos do que coñecemos como legado clásico e establecendo relacións de correspondencia entre unhas e outras.

De acordo con este plantexamento, o currículo básico da asignatura artículase nunha serie de bloques temáticos pertencentes a dous ámbitos diferentes, aínda que claramente interrelacionados: o ámbito lingüístico e o non lingüístico. O ámbito lingüístico oriéntase fundamentalmente a analizar a relación de parentesco que existe entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. No ámbito non lingüístico englobanse o resto dos bloques propostos (xeografía, historia, relixión, arte, sociedade e vida cotiá, literatura e pervivencia na actualidade), enfocados todos eles a iniciar ao alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos da cultura grecorromana e, a través do seu estudo, no análise e na comprensión de moitos dos canons artísticos e os patróns culturais propios da nosa civilización.

OBXECTIVOS DE ETAPA_ESO (CURRÍCULO LOMCE)

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

OBXECTIVOS POR CURSO

A materia de Cultura Clásica contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

1. Localizar nun mapa fitos xeográficos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.
2. Coñecer as características máis importantes do marco xeográfico no que se desenvolveron as culturas de Grecia e Roma no momento do seu apoxeo.
3. Coñecer algúns fitos esenciais na historia de Grecia e Roma e coñecer as súas consecuencias e influencia na nosa historia.
4. Distinguir e situar nun eixe cronolóxico as principais etapas históricas de Grecia e Roma.
5. Coñecer coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, os seus trazos, atributos e ámbitos de influencia.
6. Coñecer os mitos e heroes grecolatinos de maior relevancia.

7. Coñecer as características fundamentais da arte grega e romana e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.
8. Localizar nun mapa e describir os monumentos clásicos máis significativos que forman parte do patrimonio español.
9. Coñecer as características dos principais sistemas políticos presentes no mundo clásico establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.
10. Coñecer as características e a evolución da organización social grega e romana e a súa presenza na sociedade actual.
11. Identificar e explicar os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros.
12. Identificar as principais formas de traballo e de ocio existentes na Antigüidade.
13. Recoñecer os diferentes tipos de escritura e distinguilas entre si.
14. Distinguir distintos tipos de alfabetos usados na actualidade.
15. Coñecer a orixe común de diferentes linguas.
16. Describir a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico.
17. Identificar as linguas romances e non romances da Península Ibérica e localizalas nun mapa
18. Identificar léxico común, técnico e científico de orixe grecolatina na propia lingua e sinalar a súa relación coas palabras latinas ou gregas orixinarias.
19. Describir algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que chegaron ata a actualidade.
20. Coñecer a presenza da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.
21. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.
22. Realizar traballos de investigación sobre a presenza da civilización clásica no contorno, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.
23. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania.
24. Coñecer e comparar as características da relixiosidade grega e romana coa actualidade.
25. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das

manifestacións de culto privado.

26. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na área de Cultura Clásica incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A aprendizaxe da Cultura Clásica vai contribuír ao desenvolvemento desta competencia na medida que axuda a coñecer a orixe da matemática moderna, xa que moitos dos principios e teoremas que se empregan actualmente foron desenvolvidos polos matemáticos gregos. Tamén moitas das ciencias tiveron o seu primeiro desenvolvemento na Antigüidade, como a xeografía, a zooloxía, a botánica ou a astronomía. Ademais, o coñecemento de étimos grecolatinos presentes na linguaxe matemática axuda a mellorar a comprensión de conceptos, enunciados e outros contidos científicos e matemáticos.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

1. Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
2. Xerar criterios persoais en torno á visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.
3. Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
4. Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).

Comunicación lingüística

A aprendizaxe da materia contribúe á adquisición e traballo desta competencia coa lectura e comprensión de fontes escritas, coa elaboración e análise de textos, coas exposicións orais sobre diversos temas, coa utilización dun vocabulario moi amplo ao ter que manexar termos que proveñen do grego e do latín principalmente. Ademais, o alumno poderá afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta como elemento esencial para a comunicación e para a adquisición de coñecementos.

Adestrar os descritores indicados garántenos unha maior comprensión por parte do alumnado, o que nos leva a un coñecemento profundo e a adquirir con gran destreza aquilo que nos propoñemos.

Os descritores que priorizaremos serán:

1. Comprender o sentido dos textos escritos e orais
2. Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
3. Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...

4. Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
5. Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para darlle un mellor uso.
6. Na medida do posible e no marco de traballo en proxectos europeos:
7. Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
8. Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.
9. Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos de diversa índole.

Competencia dixital

Esta materia contribúe a esta competencia posto que a súa dimensión histórica e cultural favorece que o alumnado utilice as novas tecnoloxías para seleccionar de forma adecuada diversas fontes de información, analízalas e interprétalas, valorar a súa validez e fiabilidade e traballar de xeito colaborador sobre os materiais seleccionados. Ademais, tamén fomenta a presentación de traballos en soporte dixital e favorece o desenvolvemento das habilidades necesarias para a súa exposición de forma autónoma que lles permita chegar a conclusións novas e resolver situacións de forma orixinal, sentíndose autores e protagonistas dos resultados e conclusións obtidos.

Para iso, neste área traballaremos os seguintes descritores da competencia:

1. Empregar varias fontes para a busca de información.
2. Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade
3. Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
4. Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
5. Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
6. Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Conciencia e expresións culturais

Por medio da Cultura Clásica o alumnado aprende a apreciar manifestacións culturais e artísticas en xeral (literatura, pintura, escultura, arquitectura, dereito, institucións políticas, historia, filosofía...); a valorar feitos culturais, como a mitoloxía ou a relixión, que forman parte da tradición da nosa civilización; a recoñecer o concepto da estética e a beleza; a ampliar a súa visión do mundo con visitas a museos e exposicións, co coñecemento doutras linguas e outras culturas, co teatro, a ópera, a música, etc. Todo iso contribúe, sen dúbida, á adquisición desta competencia.

Para iso, neste área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

1. Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
2. Apreciar a beleza das expresións artísticas e do cotián.

3. Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
4. Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.

Competencias sociais e cívicas

Esta competencia adquirese ao entender a civilización grega e romana como creadoras dos dereitos e deberes dos individuos e os grupos e dos mecanismos que aseguran a súa participación na vida pública. O estudo desta materia desenvolve no alumnado actitudes de cidadáns activos e comprometidos mediante a comprensión do noso pasado, o estudo da configuración social e política, os acontecementos máis destacados da súa historia, o seu concepto de ocio e de traballo e a influencia que todo iso tivo na configuración da sociedade actual en todas as súas dimensións. A tolerancia, a capacidade de respectar as diferenzas e o diálogo como base dos acordos son algunhas das destrezas que o alumnado tamén adquire grazas ao papel mediador de Grecia e de Roma. Os descritores que adestraremos son os seguintes:

1. Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
2. Recoñecer a riqueza que supón a diversidade de opinións e ideas.
3. Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
4. Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
5. Respectar os distintos ritmos e potencialidades.
6. Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta materia contribúe a fomentar a autonomía e iniciativa persoal na medida que se utilizan procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. A exposición de traballos individuais ou en grupo e a realización de debates implican valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, e non se render ante as dificultades. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación. Os descritores que adestraremos son:

1. Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
2. Ser constante no traballo, superando as dificultades.
3. Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
4. Dar prioridade á consecución de obxectivos de grupo fronte a intereses persoais.
5. Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
6. Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

7. Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

Aprender a aprender

O estudo desta materia contribúe a que o alumno sexa consciente de que ao longo da historia da humanidade o home sempre estivo a aprender e baseou a aprendizaxe nos coñecementos anteriores. Esta competencia supón ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe, pero tamén ter unha visión estratéxica dos problemas e saber prever e adaptarse aos cambios que se producen cunha actitude positiva.

Os descritores que adestraremos son:

1. Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
2. Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor da aprendizaxe.
3. Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
4. Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
5. Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios
6. Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (RELACIONADOS COS RESPECTIVOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS BÁSICAS) E CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS EXIXIBLES

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	C_ CLAVE	MÍNIMOS ESIXIBLES
B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	B1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CD • CAA 	Sitúa nun mapa os puntos clave do marco xeográfico de Grecia e o Imperio Romano
B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	B1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CD • CAA 	Ten uns coñecementos básicos sobre o marco xeográfico de Grecia e Roma en relación coa súa historia
B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico no que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	B2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CMCCT • CD • CSC 	Enmarca os momentos históricos máis relevantes das civilizacións grega e romana
B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos	B2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CMCCT • CD,CSC 	Identifica as etapas da historia de Grecia e Roma
B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	B2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA • CSC 	Ten unha idea global do tempo transcorrido entre as civilizacións grega e romana
B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.	B2.2.3. Elabora eixos cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CMCCT • CSC 	Elabora eixos cronolóxicos simples

B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	B2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CD • CSC 	Sinala uns mínimos nun eixe cronolóxico de Grecia e Roma
B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	B2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CAA • CSC • CCL 	Explica os principios básicos da romanización da Península Ibérica
B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	B2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CCEC • CCL 	Explica os principios básicos da romanización da Península Ibérica
B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	B3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CCEC • CCL 	Ten un coñecemento básico de deuses e héroes clásicos
B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares	B3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CD • CCL 	Identifica e explica os principais aspectos dun número mínimo de deuses e heroes
B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática.	B3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCEC • CD • CSC 	Compara dun modo básico diferentes mitoloxías
B4.4. Coñecer as	B3.2.3. Recoñece e ilustra con	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC 	Explica dun modo básico a

creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria.	exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CD • CSC 	pervivencia de figuras míticas de heroes
B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo	B3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CD 	Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas
B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico.	B3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CMCCT • CCEC 	Coñece características básicas da relixión grega
B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	B3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CMCCT • CCEC 	Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica algúns trazos
B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros	B4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • ccec 	Recoñece trazos básicos da arte clásica
B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	B4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CD • CCEC 	Sitúa en eixes cronolóxicos aspectos relacionados coa arte grecolatina
B5.5. Identificar as principais formas de lecer da antigüidade.	B4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CMCCT 	Distingue ordes arquitectónicas

	razoar a súa resposta.		
B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais	B4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CMCCT • CD 	Distingue etapas e trazos característicos da escultura grega e romana
B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguios e comprender as súas funcións	B4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CMCCT • CD • CCEC 	Coñece obras públicas romanas
B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	B4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD • CCEC • CMCCT 	Localiza nun mapa monumentos clásicos do patrimonio español
B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.	B5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCL 	Coñece os diferentes sistemas políticos da antigüidade clásica e as súas institucións
B6.5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.	B5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CSC • CCL 	Coñece a organización das sociedades grega e romana e as diferentes clases sociais
B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas	B5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC 	Describe as principais características dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana

B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.	B5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.		Identifica os membros da familia e os compara coa actual
B6.8. Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	B5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CAA • CSC • CCL 	Identifica e describe dun xeito básico os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.
B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade termos cultos.	B5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CMCCT • CSC 	Coñece as formas de traballo da época clásica e as compara coas actuais
B6.10. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	B5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CAA • CSC 	Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana,
B6.11. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior	B5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CAA • CSC • CCL 	Coñece aspectos básicos dos Xogos Olímpicos
B7.1. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	B6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifíca-os consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CCEC • CCL 	Recoñece diferentes tipos de escritura

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE ASOCIADAS A CADA BLOQUE DE CONTIDO

BLOQUE	OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN
Bloque 1. Xeografía	f, p	B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana	<ul style="list-style-type: none"> • Le o texto e localiza no mapa os principais puntos xeográficos que recolle o texto • Sitúa nun mapa de Italia a rexión do Lacio e a súa capital, Roma. • Ubica nun mapa os principais accidentes xeográficos da Península Itálica, os mares que a bañan e os principais ríos: cordillera dos Apeninos, Alpes, Mediterráneo, Adriático, Tirreno, Tiber e Po. 	4 sesións
Bloque 2. Historia	e, o	B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.	• Comentarios do vídeo: Visión xeral do mundo romano	4 sesións
Bloque 2. Historia	f, e, g, o	B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.	• Esquematiza e sitúa cronoloxicamente os periodos da historia de Grecia	4 sesións
Bloque 2. Historia	o, p	B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.	• Explica a diferenza entre os diferentes modos de goberno de cada periodo da historia de Roma	4 sesións
Bloque 3. Mitoloxía	b	B3.1. O panteón grego e romano.	• Explica os personaxes das ilustracións que aparecen na pantalla	3 sesións

Bloque 3. Mitoloxía	e,a,b,o	B3.2. Mitos grecolatinos. Os heroes.	<ul style="list-style-type: none"> • Test de 45 preguntas: de la guerra de Troya a la fundación de Roma • Une cunha frecha o ser mitolóxico coa súa descrición 	4 sesións
Bloque 3. Mitoloxía	l,o	B3.3. Relixión grega.	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece en imaxes, estudadas e analizadas previamente na clase, as principais divindades do panteón grecorromano 	3 sesións
Bloque 3. Mitoloxía	b	B3.4. Relixión romana: culto público e privado	<ul style="list-style-type: none"> • Reflexiona sobre algunhas das características do culto público e privada dos romanos e analiza a súa pervivencia na actualidade 	3 sesións
Bloque 4. Arte	l,b	B4.1. Fundamentos da arte clásica.	<ul style="list-style-type: none"> • Tomando como punto de referencia la proporción griega de Policleto, aplícao a ti mesmo ou a persoas do teu entorno 	3 sesións
Bloque 4. Arte	j	B4.2. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.	<ul style="list-style-type: none"> • Redacta un breve informe sobre as diferenzas entre e semellanzas entre as tres ordes arquitectónicas • Diferenza entre un templo romano e outro grego 	3 sesións
Bloque 4. Arte	j	B4.3. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.	<ul style="list-style-type: none"> • Cres que se pode confundir unha obra escultórica clásica con outra helenística. Por que? 	3 sesións
Bloque 4. Arte	l,o	B4.4. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.	<ul style="list-style-type: none"> • Busca cidades de España que teñan orixe romana e describe as características comúns • Describe os edificios do Foro romano 	8 sesións
Bloque 4. Arte	e,o	B4.5. Herdanza clásica no patrimonio artístico.	<ul style="list-style-type: none"> • Que edificio actual pode compararse coa curia romana? • Comenta a partir da imaxe ou fotografía o tipo de monumento ou edificio de que se trata, as súas características e outros rasgos de interese. • Diferenza as ideas principais das secundarias e explica o sentido global 	8 sesións
Bloque 5. Sociedade e vida cotiá	a	B5.1. Organización política en Grecia e en	<ul style="list-style-type: none"> • Diferenza as ideas principais das secundarias e 	8 sesións

		Roma.	explica o sentido global do texto e establece as similitudes coa actualidade	
Bloque 5. Sociedade e vida cotiá	g,h,o	B5.2. Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais.	<ul style="list-style-type: none"> • Resume textos de forma oral ou escrita, recollendo as ideas principais e expresándoas correctamente co teu propio vocabulario. 	8 sesións
Bloque 5. Sociedade e vida cotiá	c,o	B5.3. A familia en Grecia e Roma.	<ul style="list-style-type: none"> • Busca a información en diversas fontes, especialmente usando os recursos que ofrecen biblioteca e as tecnoloxías da información e a comunicación. 	8 sesións
Bloque 5. Sociedade e vida cotiá	k	B5.4. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.	<ul style="list-style-type: none"> • Busca a información en diversas fontes, especialmente usando os recursos que ofrecen biblioteca e as tecnoloxías da información e a comunicación. 	8 sesións
Bloque 5. Sociedade e vida cotiá	d,m	B5.5. Espectáculos públicos en Grecia e Roma.	<ul style="list-style-type: none"> • Compara os ludi circenses coas espectáculos actuais en todos os aspectos: tipos de competición, afición. • Que se entende agora por circo? Parécese na súa forma ao romano? 	8 sesións
Bloque 6. Lingua e literatura	e	B6.1. Historia da escritura. Signos e materiais.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica os soportes de escritura • Identifica os catro alfabetos: cuneiforme, fenicio, grego e latino 	5 sesións
Bloque 6. Lingua e literatura	e	B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano.	<ul style="list-style-type: none"> • Localiza dez palabras escritas en grego na sopa de letras • Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas 	5 sesións
Bloque 6. Lingua e literatura	f	B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano.	<ul style="list-style-type: none"> • Une a letra grega coa súa transcrición latina 	4 sesións
Bloque 6. Lingua e literatura	f,o,p	B6.3. As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.	<ul style="list-style-type: none"> • Test: o latín e as linguas indoeuropeas • Relaciona elementos: grupos de linguas indoeuropeas e linguas que os integran 	5 sesións
Bloque 6. Lingua e literatura	l,o,p	B6.4. As linguas romances.	<ul style="list-style-type: none"> • Localiza nun mapa: linguas de orixe latino que se falan en España 	5 sesións

			<ul style="list-style-type: none"> • Investiga como se di nas diferentes linguas románicas cada un dos termos latinos 	
Bloque 6. Lingua e literatura	h,o,p	B6.5. Composición e derivación culta de orixe grega e latina.	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece os principais prefixos e sufixos latinos presentes na lingua española e outras linguas romances. 	5 sesións
Bloque 6. Lingua e literatura	e,o,p	B6.6. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	<ul style="list-style-type: none"> • Clasifica as seguintes palabras segundo sexan cultas ou patrimoniais • Utiliza nun contexto determinado termos patrimoniais e cultismos previamente estudados 	8 sesións
Bloque 6. Lingua e literatura	f,l,o,p	B6.7. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.	<ul style="list-style-type: none"> • Evolución fonética: completar a palabra latina • Identifica a/s palabra/s castelá/ galega que deriva da palabra latina que se presenta 	8 sesións
Bloque 6. Lingua e literatura	f	B6.8. Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica.	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece a etimoloxía dos termos propios da lingua científica e técnica, e deducir o seu significado. 	9 sesións
Bloque 6. Lingua e literatura	h,o,p	B6.9. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.	<ul style="list-style-type: none"> • Forma familias de palabras a partir dun étimo latino aplicando mecanismos de derivación e composición 	9 sesións
Bloque 6. Lingua e literatura	j	B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica algúns tópicos literarios Latinos presentes na literatura española e explicar o seu sentido e significado orixinal, principalmente: locus amoenus, carpe diem, tempus fugit, e ubi sunt? • Enumera e explica brevemente as principais características dos xéneros literarios romanos 	9 sesións
Bloque 6. Lingua e literatura	j	B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.	<ul style="list-style-type: none"> • Relaciona o autor co seu xénero e obra máis importante 	9 sesións

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
---------------------------	----------------------------

<p>B1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte d profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
<p>B1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
<p>B2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
<p>B2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas. B2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. B2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información. B2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
<p>B2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases. CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
<p>B3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
<p>B3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian. CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa. CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas • Traballos de investigación

<p>sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época</p>	
<p>B3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas • Traballos de investigación
<p>B3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas • Traballos de investigación
<p>B4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais. CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
<p>B4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
<p>B4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
<p>B4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
<p>B4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas • Traballos de investigación
<p>B4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas • Traballos de investigación
<p>B5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte da profesora • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
<p>B5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado

unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais. B5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas
B5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma. CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas • Traballo de investigación
B5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas • Traballo de investigación
B5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas • Traballo de investigación
CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas • Traballo de investigación
B6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas • Traballo de investigación
B6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor

helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. B6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.	<ul style="list-style-type: none"> • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B6.7.1. Identifica e diferenza con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información. B6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B6.8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos. B6.8.2. Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas • Traballos de investigación
B6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas • Traballos de investigación
B6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas • Traballos de investigación
B6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Traballo de investigación

METODOLOXÍA

En Cultura clásica necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a materia. Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico e as estratexias do método científico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre as grandes achegas da cultura clásica á nosa civilización. Para iso necesitamos certo grao de desenvolvemento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de método científico, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do desenvolvemento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes; enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Cultura Clásica é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar

posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se complementarán con proxectos de aplicación dos contidos.

O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade de autoaprendizaxe, de traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da vida.

Centrarémonos fundamentalmente nos seguintes aspectos:

- Atención aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Desenvolvemento da capacidade de aprender por si mesmos.
- Fomento do traballo en equipo (mantendo a distancia de seguridade).
- Atención especial á adquisición e o desenvolvemento das competencias básicas.
- Fomentala correcta expresión oral e escrita.
- Uso das matemáticas.
- Fomento do hábito de lectura.
- Promoverase a utilización das **TIC** para informarse, aprender e comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.
- Promoverase a participación en **proxectos europeos**.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Exames escritos.

Controis escritos do libro de lectura.

Caderno do alumno.

Pequenos traballos de investigación.

Observación e control do traballo.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

70% da nota para os exames.

10% da nota para o libro de lectura posto en cada avaliación.

10% da nota será para o traballo recollido no caderno do alumno: tarefas feitas na clase ou na casa, pequenos traballos de investigación...

10% restante será para a participación, colaboración e o interese.

Para superar con éxito o curso, o alumnado ten que superar positivamente todas as avaliacións.

A cualificación final será a media das cualificacións trimestrais.

Aqueles alumnos que obtivesen unha cualificación inferior a 5 puntos en calquera das avaliacións deberán realizar a correspondente proba de recuperación ó final do curso, na cal o único instrumento de avaliación será o exame escrito, polo que a nota coincidirá coa obtida en dito exame.

Tamén, na proba extraordinaria de setembro, o único instrumento de avaliación será o exame escrito.

Este departamento puntualiza que:

- Non entregar as tarefas e os traballos no tempo acordado supoñerá un 0 na cualificación desa actividade.
- O copiar un traballo ou parte del supoñerá un 0 na actividade.
- Cada falta sen xustificar supoñerá uns -0,2 puntos, ata un punto.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A extensión da escolaridade obrigatoria e os cambios operados na sociedade intensifican a diversidade nos centros: as diferenzas de orixe e traxectoria escolar do alumnado son variadas e tamén son variadas as expectativas cara o sistema educativo. É indiscutible que hai unha necesidade de atención aos diversos intereses, capacidades e motivacións. As actividades neste campo serán:

- de consolidación das aprendizaxes básicas para alcanzar os obxectivos plantexados.
- de organización dos coñecementos de maior dificultade, priorizando as habilidades procedimentais.
- de investigación, para os alumnos máis interesados.

ACCIONS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

A formación da lectura comprensiva esixe, á súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballárase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico. Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

O tempo de dedicación á lectura, prácticas de comprensión e escritura virá marcado polo PROXECTO LECTOR DE CENTRO. Relacionamos a continuación algunhas das obras que utilizaremos para tal fin, aínda que esta lista pódese ver modificada en función sempre dos intereses e preferencias dos alumnos e seguindo as recomendacións e publicacións que vaíamos coñecendo:

- Héroes de Roma en la Antigüedad. Jean-Pierre Andrevon.
- Da editorial Akal: Los viajes de Ulises, Los trabajos de Hércules, Teseo y el Minotauro, Jasón y el vellocino de oro, Rómulo y Remo, Julio César y la Guerra de las Galias.
- Da colección Clásicos adaptados, editorial Vicens Vives: Naves negras ante Troya, Jasón y los Argonautas.
- Cuentos y leyendas de los juegos de Olimpia, Editorial Anaya.
- Ana y la Sibila. Antonio Sánchez Escalonilla. Bambú Editorial
- Gladiador: la lucha por la libertad. Simon Scarrow. Ed: Edhasa

- El pescador de esponjas. Susana Fdez Gabaldón
- Helena, Helena, amor mío. Luciano de Crescenzo
- 12 relatos de La Ilíada y La Odisea. VV.AA Ed: Editex
- 16 Metamorfosis de Ovidio. Ed: Editex
- El aprendiz de brujo y otros cuentos de Grecia y Roma. Fernando Lillo Redonet. Ed: Merial
- A la sombra del Olimpo. Historias breves de griegos ilustres. José M. Izquierdo y Francisco Vila. CultivaLibros.

CÓMICS sobre o mundo clásico:

- La Odisea. Norma Editorial
- La odisea de Giuseppe Bergman. Milo Manara
- Clásicos Ilustrados Marvel: La Ilíada y La Odisea
- 300, banda diseñada. Frank Miller
- El lago sagrado. Jaques Martin. Orion.

De xeito adicional, dedicaremos cinco sesións á lectura colectiva dunha traxedia grega e dunha comedia latina como acción introdutoria á asistencia á representación desta obra dentro do Festival de Teatro Grecolatino de Lugo e que se completará coa resolución na aula dunha guía didáctica que pretende profundar en aspectos contextuais, temáticos e estruturais da obra.

ACTIVIDADES DE REFORZO/ RECUPERACIÓN

Os alumnos coa materia de CULTURA CLÁSICA pendente terán un seguimento particular por parte do profesor quen lles informará dos niveis mínimos esixidos para a superación da materia.

Do mesmo xeito, entregaránselles unha serie de actividades relativas aos bloques de contidos de civilización, cultura, literatura e historia que realizarán pola súa conta. Serán revisadas e as posibles dúbidas aclaradas nunha clase de recuperación e reforzo quincenal ou, como máximo, mensual, que será acordada cos alumnos interesados.

MATERIAIS DIDÁCTICOS INCLUIDOS OS LIBROS DE TEXTO

O libro de texto empregado será o da editorial Anaya, de J.L. Navarro e J.M.^a Rodríguez.

Traballárase tamén con materiais creados e aportados polo profesor, con libros de autores clásicos ou de tema clásico, con imaxes, con materiais e ferramentas TICs etc:

- Blogs da Internet onde existe abundante material elaborado por profesores de clásicas.
- Imaxes e vídeos de temática mitolóxica e artística.

- Dicionario de mitoloxía e libros sobre o tema.
- Novelas históricas xuveniles e libros de relatos sobre o mundo clásico.
- Vídeos con filmes sobre temas culturais, artísticos, históricos, mitolóxicos e outros relacionados coa civilización grecolatina.
- Mapas de Grecia, Italia e o ámbito mediterráneo, na época clásica e actual.
- Recursos informáticos que servan de apoio para a comprensión e ampliación dos contidos.

PROCEDIMENTO E SISTEMÁTICA DE CONTROL, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS E OBXECTIVOS DA ETAPA, POR PARTE DO ALUMNADO

MATERIA	SI	NON
Preparei con antelación o material necesario para a clase (caderno, estoxo, axenda, libro...)?		
Levei o material necesario á sesión?		
Tomei nota na axenda das actividades e os traballos pendentes e das datas importantes (exames, entrega de traballos, presentacións, autorizacións, excursións...)?		
Organiceime o tempo que é necesario dedicar a cada tarefa e materia, tanto na aula como na casa?		
Ordenei e clasifiquei os apuntamentos, as notas e as actividades da materia?		
Cumprín o plan de traballo que me propuxera seguir?		
Comprobei que cumprín con todas as miñas obrigas pendentes (actividades, traballos, estudo, preparación...)?		
Fun autónomo/a á hora de traballar en clase e na casa?		

REXISTRO DO TRABALLO DIARIO

	SI	NON
Planifiquei previamente a realización do traballo diario, e cumprino, completando as actividades e as tarefas encomendadas.		
Indiquei a data, o tema ao que corresponde e o enunciado da actividade (ou onde encontralo).		
Fun ordenado e limpo na redacción das actividades.		
Realicei un desenvolvemento lóxico, ordenado e completo da resolución das tarefas encomendadas.		
Plasmei de forma clara e concisa a formulación e o desenvolvemento das actividades.		
Engadín unha conclusión e/ou reflexión ao finalizar o traballo diario.		
Comprobei e corrixín as actividades, seguindo as explicacións dos meus		

compañeiros e compañeiras e profesor ou profesora. Unha vez na casa, repasei os erros cometidos, e, en caso necesario, volvíñ realizar as devanditas actividades.		
Entreguei as actividades en tempo e forma, cumprindo cos requisitos establecidos para a súa elaboración.		
Realicei tarefas orixinais e creativas, empregando material alternativo e/ou complementario por iniciativa propia.		
Fun autónomo na realización do traballo diario, primando a aprendizaxe persoal sobre a realización completa das actividades (é preferible facer unha parte só, que todo con axuda).		

GREGO I

OBXECTIVOS DA ETAPA_BAC (CURRÍCULO LOMCE)

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa

conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

OBXECTIVOS POR CURSO

- Iniciar na lectura, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva utilizando, para este fin, o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua grega.
- Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e relacionar compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal grega coas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el.
- Achegarse a textos gregos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen
- Recoñecer elementos da lingua grega que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e apreciarlos como unha das claves para a súa interpretación.
- Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización grega, indagando en documentos, inscricións, textos e outras fontes de información (bibliográficas, informáticas, audiovisuais), relacionando elementos dispersos e analizar criticamente as súas interpretacións e constatar a súa presenza ao longo da historia.
- Identificar e valorar as principais achegas da civilización grega e romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor da cultura.
- Valorar a contribución do mundo grego e romano como elemento integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (RELACIONADOS COS RESPECTIVOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS BÁSICAS) E CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS EXIXIBLES

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	C_CLAVE	MÍNIMOS EXIXIBLES
B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua grega.	B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CSC 	Sitúa nun mapa os puntos clave do marco xeográfico da lingua grega
B1.2. Explicar a orixe da lingua grega a partir do indoeuropeo e coñecer os principais grupos lingüísticos que compoñen a familia das linguas ide,	B1.2.1. Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCEC 	Ten uns coñecementos básicos de linguas indoeuropeas
B1.3. Entender o concepto de familia lingüística e de indoeuropeo.			Ten uns coñecementos básicos de linguas indoeuropeas
B1.4. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día.	B1.2.2. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CCL 	Ten o concepto básico de familia lingüística
B1.5. Coñecer as etapas da historia da lingua grega	B1.3.1. Explica o concepto de familia lingüística.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	Define o concepto de indoeuropeo
B1.6. Identificar exemplos de	B1.3.2. Define o concepto de	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	Ten uns

escritura micénica e alfabética.	indoeuropeo e explica o proceso de creación do termo.		coñecementos básicos de linguas europeas
B1.7. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual.	B1.4.1. Establece a filiación das linguas de Europa delimitando nun mapa a zona de orixe e zonas de expansión.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CCL 	Coñece aspectos básicos da evolución da lingua grega
B1.8. Recoñecer a división dialectal da lingua grega e identificar a súa expansión xeográfica.	B1.5.1. Coñece as etapas da evolución da lingua grega, desde o micénico ata o grego moderno.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	Recoñece dun xeito xeral o lineal B
B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.	B1.6.1. Identifica a escritura Lineal B como un silabario, e a evolución dos caracteres do alfabeto.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	Ten un coñecemento moi básico dalgúns termos de grego moderno
B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto grego, a súa influencia e a súa relación con outros sistemas de escritura usados na actualidade	B1.7.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	Ten un coñecemento básico de variedades dialectais gregas
B2.3. Coñecer os caracteres do alfabeto grego na súa forma minúscula e maiúscula, escribilos e lelos coa pronuncia correcta.	B1.8.1. Sitúa nun mapa as diversas variedades dialectais da lingua grega.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC 	Recoñece dun xeito xeral tipos de escritura
B2.4. Recoñecer o cadro clasificatorio dos fonemas da lingua grega xunto coa súa pronuncia	B2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura segundo a súa orixe e tipoloxía e describindo os trazos que distinguen a uns doutros.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	Ten o concepto básico da orixe do alfabeto grego
B2.5. Coñecer e aplicar as normas de transcrición para transcribir termos gregos ao abecedario galego e castelán.	B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto grego e describe a evolución dos seus signos a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	Ten o concepto básico das influencias do alfabeto grego
B2.6. Coñecer os acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación, o seu valor e a súa colocación.	B2.2.2. Explica a orixe e a evolución dos sistemas de escritura de diferentes linguas, partindo do alfabeto grego, e sinala as adaptacións que se producen en cada unha delas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	Coñece o alfabeto grego
B3.1. Coñecer o concepto de flexión lingüística	B2.3.1. Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, na súa forma minúscula e maiúscula, e escribeos e leos correctamente	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	Clasifica fonemas do alfabeto grego
B3.2. Distinguir e clasificar as categorías de palabras a partir do seu enunciado	B2.4.1. Sitúa todos os fonemas da lingua grega no cadro clasificatorio dos fonemas e sabe describilos desde o punto e o modo de articulación.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	Transcribe o alfabeto grego sen moitos erros
B3.3. Coñecer, identificar e	B2.5.1. Coñece as normas de	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	Coñece acentos,

distinguir os formantes das palabras.	transcrición e aplícaas con corrección na transcrición de termos gregos ao galego e ao castelán.		espíritos e signos de puntuación
B3.4. Comprender o concepto de declinación/flexión.	B2.6.1. Coñece o valor e colocación dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación.	• CCL	Distingue unha lingua flexiva doutra non flexiva
B3.5. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación, declinalas correctamente, e analizar e traducir formas nominais e pronominais	B3.1.1. Distingue unha lingua flexiva doutra non flexiva.	• CCL	Distingue palabras variables e invariables
B3.6. Conxugar correctamente as formas verbais estudadas, analízalas morfoloxicamente e tradúcilas	B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica as características que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	• CCL	Identifica e distingue se moitos erros en palabras propostas os seus formantes
B3.7. Diferenzar entre formas persoais e non persoais do verbo e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha delas.	B3.3.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes.	• CCL • CAA	Enuncia sen moitos erros diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación
B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	B3.4.1. Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación.	• CCL	Declina palabras e sintagmas en concordancia
B4.2. Coñecer e identificar os nomes dos casos gregos e as súas funcións na oración, e saber traducir adecuadamente os casos á lingua materna.	B3.5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	• CCL	Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos sen moitos erros ao galego e/ou ao castelán
B4.3. Coñecer o concepto de concordancia tanto nominal (caso, xénero e número) como verbal (número e persoa).	B3.5.2. Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúce-os correctamente ao galego e/ou ao castelán.	• CCL	Declina e/ou conxuga sen moitos erros palabras propostas segundo a súa categoría

B4.4. Recoñecer os elementos da oración: suxeito, predicado, atributo, complementos, etc.	B3.6.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, e explica e ilustra con exemplos as características que diferenzan os conceptos de conxugación e declinación.	• CCL	Clasifica dun xeito básico verbos segundo o seu tema
B4.5. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	B3.6.2. Clasifica verbos segundo o seu tema, e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.	• CCL	Explica basicamente o uso dos temas verbais gregos
B4.6. Distinguir as oracións simples das compostas.	B3.6.3. Explica o uso dos temas verbais gregos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un deles.	• CCL	Conxuga sen moitos erros os tempos verbais en voz activa e medio pasiva,
B4.7. Coñecer as funcións das formas de infinitivo nas oracións.	B3.6.4. Conxuga os tempos verbais en voz activa e medio pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.	• CCL	Analiza morfoloxicamente e traduce se moitos erros ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais gregas.
B4.8. Identificar as construcións de infinitivo concertado e non concertado.	B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais gregas, e compara o seu uso en ambas as linguas.	• CCL	Identifica a voz das formas verbais.
	B3.6.6. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal	• CCL	Distingue formas persoais e non persoais dos verbos.

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE ASOCIADAS A CADA BLOQUE DE CONTIDO

BLOQUE	OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN
Bloque 1. Lingua grega	d,g,h	B1.1. Marco xeográfico da lingua grega.	Localiza as principais rexións da Grecia continental. Asocia as cidades de Atenas, Esparta, Micenas, Delfos e Olimpia con algún acontecemento histórico ou cultural.	2 sesións
Bloque 1. Lingua grega	a,g,h	B1.2 Familias lingüísticas. O	Realiza un esquema cos principais grupos de	2 sesións

		indoeuropeo.	linguas indoeuropeas	
Bloque 1. Lingua grega	a,g,h	B1.2. Familias lingüísticas. O indoeuropeo.	Cuestionario sobre a protolingua Sinala nun mapa as principais linguas indoeuropeas	2 sesións
Bloque 1. Lingua grega	a,g,h	B1.2. Familias lingüísticas. O indoeuropeo.	Actividade interactiva sobre o indoeuropeo e os primeiros habitantes da Hélade	2 sesións
Bloque 1. Lingua grega	d,h,n	B1.3. Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno.	Diferenza entre o lineal A e o lineal B	2 sesións
Bloque 1. Lingua grega	d,h,n	B1.3. Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno.	Elabora un pequeno traballo de investigación sobre o primeiro testimonio da lingua grega	2 sesións
Bloque 1. Lingua grega	d,h,n	B1.3. Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno.	Elabora un esquema sobre as principais etapas da lingua grega	2 sesións
Bloque 1. Lingua grega	a,h	B1.4. Variedades dialectais.	Cita os principais dialectos da lingua grega Sinala no seguinte mapa, no espazo "Dialectos gregos", os distintos dialectos gregos.	2 sesións
Bloque 2. Sistema de lingua grega: elementos básicos.	a,d,g,h	B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	Valora a importancia da escritura como elemento civilizador na cultura dos pobos	2 sesións
Bloque 2. Sistema de lingua grega: elementos básicos.	a,d,g,h	B2.2. Orixes e evolución do alfabeto grego.	Resume nun esquema as diversas etapas da evolución do alfabeto grego	2 sesións
Bloque 2. Sistema de lingua grega: elementos básicos.	a,d,e	B2.3. Caracteres do alfabeto grego.	Le as seguintes palabras, escritas en maiúsculas e minúsculas, para practicar o aprendido sobre o alfabeto Practica a lectura co seguinte texto	2 sesións
Bloque 2. Sistema de lingua grega: elementos básicos.	d,e,f	B2.4. Clasificación dos fonemas: pronuncia.	Localiza as oclusivas que aparecen nas frases e no texto da Ilíada e clasifícaas segundo o seu punto de articulación	2 sesións
Bloque 2. Sistema de lingua grega: elementos básicos.	d,e,f	B2.5. Transcrición de termos dos caracteres gregos.	Transcribe as palabras en negriña e indica dous derivados actuais	Todo o curso

Bloque 2. Sistema de lingua grega: elementos básicos.	d,e,f	B2.6. Signos diacríticos e de puntuación.	Localiza no texto os acentos gregos e os signos de puntuación	2 sesións
Bloque 3. Morfoloxía	d,e,f,i	B3.1. O grego, lingua flexiva. Tipos de palabras: variables e invariables.	Diferenza os tipos de palabras que se proporcionan (substantivos, adxectivos e pronomes)	2 sesións
Bloque 3. Morfoloxía	d,e,f,i	B3.1. O grego, lingua flexiva. Tipos de palabras: variables e invariables.	Que palabras son variables e cales invariables e por que	2 sesións
Bloque 3. Morfoloxía	d,e,f	B3.2. Formantes das palabras.	Diferenza entre lexema e morfema nun grupo de palabras Distingue lexema e morfema e recoñece o valor de cada un	2 sesións
Bloque 3. Morfoloxía	d,e,f	B3.3. Concepto de declinación: declinacións gregas. Enunciado e paradigmas.	Asocia o caso dunha palabra coa función sintáctica Define coas túas palabras conxugación e declinación. Pon exemplos	2 sesións
Bloque 3. Morfoloxía	d,e,f	B3.4. Flexión nominal e pronominal.	Identifica os enunciados das tres declinacións Enuncia os pronomes demostrativos e os pronomes persoais	2 sesións
Bloque 3. Morfoloxía	d,e,f	B3.5. Sistema verbal grego. Verbos temáticos e atemáticos.	Identifica os morfemas temporais das seguintes formas verbais e enúnciaas	2 sesións
Bloque 3. Morfoloxía	d,e,f	B3.6. Formas verbais persoais e non persoais.	Indica as formas nominais do verbo grego e diferenza unha forma nominal dunha forma non nominal	2 sesións
Bloque 4. Sintaxe	d,e,f,h,i	B4.1. Casos gregos.	Asocia o caso dunha palabra coa función sintáctica Identifica os distintos casos e asóciaos á función sintáctica correspondente	Todo o curso
Bloque 4. Sintaxe	d,e,f,h,i	B4.1. Casos gregos.	Identifica os distintos casos e asóciaos á función sintáctica correspondentes	Todo o curso
Bloque 4. Sintaxe	e,f	B4.2. Concordancia.	Concorda en caso, xénero e número substantivos e adxectivos da 1ª declinación	Todo o curso

Bloque 4. Sintaxe	e,f	B4.3. Elementos da oración.	Identifica a estrutura sintáctica das oracións atributivas latinas Identifica a estrutura sintáctica das oracións predicativas	2 sesións
Bloque 4. Sintaxe	e,f	B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	Traduce as seguintes oracións e diferenza as que son atributivas das que son predicativas	2 sesións
Bloque 4. Sintaxe	e,f	B4.5. Oracións compostas.	Analiza e traduce as seguintes oracións de relativo	2 sesións
Bloque 4. Sintaxe	e,f	B4.6. Construcións de infinitivo.	Identifica o infinitivo de presente nas seguintes oracións e tradúceas	2 sesións
Bloque 4. Sintaxe	e,f	B4.6. Construcións de infinitivo.	Traduce e identifica a oración subordinada completiva de infinitivo concertado e non concertado	2 sesións
Bloque 4. Sintaxe	e,f	B4.7. Construcións de participio.	Identifica as constructions de participio e indica as posibles traducións do participio de presente en voz activa	2 sesións

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Probas escritas
B1.2.1. Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B1.2.2. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B1.3.1. Explica o concepto de familia lingüística.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B1.3.2. Define o concepto de indoeuropeo e explica o proceso de creación do termo.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B1.4.1. Establece a filiación das linguas de Europa delimitando nun mapa a zona de orixe e zonas de	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.

expansión.	<ul style="list-style-type: none"> • Análise da produción do alumnado: traballos individuais o colectivos en soporte dixital. • Probas específicas: exames.
B1.5.1. Coñece as etapas da evolución da lingua grega, desde o micénico ata o grego moderno.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B1.6.1. Identifica a escritura Lineal B como un silabario, e a evolución dos caracteres do alfabeto.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. • Análise da produción do alumnado: traballos individuais o colectivos en soporte dixital. • Probas específicas: exames.
B1.7.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.	<ul style="list-style-type: none"> • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B1.8.1. Sitúa nun mapa as diversas variedades dialectais da lingua grega.	<ul style="list-style-type: none"> • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura segundo a súa orixe e tipoloxía e describindo os trazos que distinguen a uns doutros.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado
B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto grego e describe a evolución dos seus signos a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio.	<ul style="list-style-type: none"> • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas • Traballos de investigación
B2.2.2. Explica a orixe e a evolución dos sistemas de escritura de diferentes linguas, partindo do alfabeto grego, e sinala as adaptacións que se producen en cada unha delas.	<ul style="list-style-type: none"> • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B2.3.1. Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, na súa forma minúscula e maiúscula, e escríbeos e leos correctamente	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B2.4.1. Sitúa todos os fonemas da lingua grega no cadro clasificatorio dos fonemas e sabe describilos desde o punto e o modo de articulación.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado
B2.5.1. Coñece as normas de transcripción e aplícaas con corrección na transcripción de termos gregos ao galego e ao castelán.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B2.6.1. Coñece o valor e colocación dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Probas escritas
B3.1.1. Distingue unha lingua flexiva doutra non flexiva.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Probas escritas
B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica as características que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Probas escritas
B3.3.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenzando lexemas e afixos, e buscando exemplos doutros termos nos	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas

que estean presentes.	
B3.4.1. Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas
B3.5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para ca-da palabra o paradigma de flexión correspondente.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas
B3.5.2. Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos correctamente ao galego e/ou ao castelán.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B3.6.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, e explica e ilustra con exemplos as características que diferenzan os conceptos de conxugación e declinación.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B3.6.2. Clasifica verbos segundo o seu tema, e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B3.6.3. Explica o uso dos temas verbais gregos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un deles.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B3.6.4. Conxuga os tempos verbais en voz activa e medio pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas • Traballos de investigación
B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais gregas, e compara o seu uso en ambas as linguas.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
B3.6.6. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas
B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua gre-ga e a súa expansión.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas
B1.2.1. Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas • Traballos de investigación

METODOLOXÍA

O enfoque metodolóxico en GREGO I deberá favorecer a capacidade de autoaprendizaxe, de traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da vida.

- Os textos converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos morfosintácticos da lingua latina, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.
- Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo indutivo-contextual, na que as normas se convertan en posesión permanente e en automatismo lingüístico.

- O enfoque irá dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo mediante diversas estratexias.
- Procurarase xerar un clima na aula co que as alumnas e alumnos sintan a necesidade de participar activamente no proceso de ensinanza-aprendizaxe, asegurándonos de que eses intentos, mesmo se son erróneos, sirvan de estímulo para intentalo de novo.
- Neste senso, crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan o alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.
- Promoverase a participación do alumnado en pequenos traballos de investigación, coa orientación precisa para que poida acadar a capacidade de realizar un proxecto de investigación escolar de forma autónoma.
- Haberá que distinguir niveis de dificultade no contido e nas actividades para cubrir as diversas necesidades educativas do alumnado.
- Promoverase a utilización das TIC para informarse, aprender e comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.
- Promoverase a participación en proxectos europeos.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Vanse ir utilizando, segundo o momento e tendo en conta os obxectivos e capacidades que cada un deles pode valorar, os seguintes instrumentos e procedementos de recollida de información:
 - Observación sistemática por parte do profesor coa anotación de datos pertinente no caderno do alumno/a.
 - Análise da produción do alumnado: monografías, comentarios, traballos de aplicación e síntese, caderno de clase, textos escritos, producións orais.
 - Intercambios orais co alumnado: diálogo, preguntas, postas en común.
 - Probas específicas: obxectivas, abertas, exposición dun tema, resolución de exercicios.
- Promoverase a participación do alumnado en pequenos traballos de investigación, coa orientación precisa para que poida acadar a capacidade de realizar un proxecto de investigación escolar de forma autónoma.
- Haberá que distinguir niveis de dificultade no contido e nas actividades para cubrir as diversas necesidades educativas do alumnado.
- Promoverase a utilización das TICs para informarse, aprender e comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Concederáselle o 80% da nota global ás probas escritas de cada avaliación (proponse unha ou dúas probas ao final de cada dúas unidades).

Concederáselle o 10% da nota global ás exposicións orais e aos traballos realizados dentro e fóra da aula, así como ao traballo diario na aula que permita realizar un seguimento do progreso acadado polos alumnos/as. A presentación dun traballo voluntario que permita ampliar os contidos de cada avaliación será valorada ata cun 1 punto dentro desta porcentaxe.

Como norma xeral, valorarase, especialmente, o grado de participación, colaboración e interese que presente o alumno na realización de todas as actividades, especialmente nas de presentación e motivación. Concederáselle a este punto un 10% da nota final de cada avaliación.

Nas probas escritas terase en conta, ademais dos contidos propios da unidade, **a orde, a claridade, a limpeza, a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical**. A correcta utilización da lingua: as faltas graves de ortografía e expresión serán avaliadas negativamente, podendo baixar ata 1 punto na nota final.

Para a obtención da **cualificación final**, terase en conta que a primeira e a segunda avaliación supoñen un total (probas escritas e actividades diarias) do **30%** da nota da materia e a terceira

avaliación suporá un total do **40%**. A nota final será a resultante da suma das tres avaliacións, tendo en conta as porcentaxes correspondentes a cada avaliación, se con iso se beneficia ao alumno.

As medidas de recuperación poden ser, entre outras, probas de recuperación de contidos teóricos de cada avaliación ou a elaboración de resúmenes das ideas principais de cada unidade ou unha proba de recuperación (escrita) por cada avaliación.

O traballo de tradución é progresivo, polo tanto, o feito de acadar un aprobado na terceira avaliación en tradución recupera posibles suspensos anteriores da parte de tradución.

Ademais, tendo en conta que se trata de ensino presencial, as faltas de asistencia e puntualidade inxustificadas terán incidencia tamén nas cualificacións finais. Concretamente, penalizarase con 0,1 puntos cada falta de asistencia inxustificada e con 0,05 puntos cada falta de puntualidade inxustificada.

Por último, grazas aos instrumentos de recollida de información como guías de observación, cuestionarios... debemos comprobar se o proceso de ensinanza-aprendizaxe foi o adecuado, e, en caso negativo, reorientar o noso proceso incorporando novos **mecanismos de recuperación**.

ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

A formación da lectura comprensiva esixe, á súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico. Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

O tempo de dedicación á lectura, prácticas de comprensión e escritura virá marcado polo PROXECTO LECTOR DE CENTRO. Relacionamos a continuación algunhas das obras que utilizaremos para tal fin, aínda que esta lista pódese ver modificada en función sempre dos intereses e preferencias dos alumnos e seguindo as recomendacións e publicacións que vaíamos coñecendo:

- Circe ou o pracer do azul. Relación epistolar entre Penélope e Circe que nos permite coñecer os principais personaxes da Odisea de Homero. Promove a reflexión sobre a situación da muller na actualidade e pode ser usada para traballar a educación para igualdade.

- El ciego de Quíos. Antonio Prieto

- Un salmantino en Mérida (Ediciones Clásicas, 1994). Fernando Lillo Redonet

- Teucro, el arquero de Troya (Toxosoutos, 2004), Fernando Lillo Redonet

- Séneca. El camino del sabio (Editorial Diálogo, 2006). Fernando Lillo Redonet

- Aspasia. Julio Medem

- El asombroso viaje de Pomponio Flato. Eduardo Mendoza

- Un dios pasea en la brisa de la tarde. Mário de Carvalho

CÓMICS sobre o mundo clásico:

- Clásicos Ilustrados Marvel

- El lago sagrado. Jaques Martin. Orion.

De xeito adicional, dedicaremos cinco sesións á lectura colectiva dunha traxedia grega e dunha comedia latina como acción introdutoria á asistencia á representación desta obra dentro do Festival de Teatro Grecolatino de Lugo e que se completará coa resolución na aula dunha guía didáctica que pretende profundar en aspectos contextuais, temáticos e estruturais da obra.

ACTIVIDADES DE REFORZO/ RECUPERACIÓN

Os alumnos coa materia de GREGO I pendente terán un seguimento particular por parte do profesor quen lles informará dos niveis mínimos esixidos para a superación da materia.

Do mesmo xeito, entregaránelles unha serie de actividades relativas aos bloques de contidos de civilización, cultura, literatura e historia que realizarán pola súa conta. Serán revisadas e as posibles dúbidas aclaradas nunha clase de recuperación e reforzo quincenal ou, como máximo, mensual, que será acordada cos alumnos interesados.

MATERIAIS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO

O libro de texto empregado é Grego I, R. Colomer y R. Tomás. Editorial Almadraba.

Traballárase tamén con materiais creados e aportados polo profesor, con libros de autores clásicos ou de tema clásico, con imaxes, con materiais e ferramentas TICs etc:

- Textos en soporte impreso ou dixital, actividades complementarias elaboradas polo Departamento, esquemas e ilustracións que permitan ter unha visión máis profunda e variada de cada contido.

- Usaremos diverso material complementario en función dos intereses e preferencias dos alumnos ou da necesidade de reforzar algún dos aspectos curriculares da nosa programación.

PROCEDIMENTO E SISTEMÁTICA DE CONTROL, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS E OBXECTIVOS DA ETAPA, POR PARTE DO ALUMNADO

- Análise, en textos gregos moi sinxelos, e identificación dos elementos básicos da morfoloxía regular grega.

- Recoñecemento das funcións sintácticas máis frecuentes e importantes.

- Tradución á lingua materna, coa maior fidelidade posible, de textos breves sinxelos en grego, ben orixinais ou ben adaptados.

- Recoñecemento das voces de orixe grega no léxico das nosas linguas, especialmente en palabras de uso técnico e científico con clara relación etimolóxica.

Localización no espazo e no tempo dos fenómenos máis relevantes da historia e da literatura de Grecia.

GREGO II

INTRODUCCIÓN

As materias de Grego e Latín proporcionan as bases lingüísticas, históricas e culturais precisas para entender aspectos esenciais da civilización occidental; permiten unha reflexión profunda sobre as linguas galega e castelá e contribúen eficazmente á aprendizaxe das linguas modernas de orixe romance ou doutras influídas polo grego e o latín. Constitúen tamén un coñecemento imprescindible

para todas as persoas que optaron por unha primeira especialización no campo das humanidades ou das ciencias sociais. Os contidos propostos para Grego e Latín céntranse en dous grandes ámbitos, como son a lingua e a cultura e están distribuídos en catro bloques:

ESTUDO PROGRESIVO DAS CARACTERÍSTICAS DA LINGUA GREGA E LATINA

A aprendizaxe das linguas clásicas e da súa gramática terá como obxectivo último a comprensión e tradución de textos literarios orixinais dunha complexidade progresiva, para o que é posible partir de textos adaptados ou elaborados. Segundo se suxire no DCB de Latín para 4º de ESO e de Grego e Latín de BACHARELATO, parece recomendable seguir un método no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no que a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

COMPRESIÓN E INTERPRETACIÓN DE TEXTOS GREGOS E LATINOS

Os textos seleccionados responderán a diferentes épocas e xéneros literarios e poderán presentarse, tanto na súa forma orixinal, coas adaptacións necesarias para facilitar a súa comprensión, como en traducións. O profesorado poderá servirse tamén de textos elaborados graduados que faciliten o acceso progresivo aos textos orixinais. A práctica da tradución de textos latinos e gregos ten que contribuír tamén á reflexión sobre a lingua propia, buscando a correcta adecuación entre as estruturas lingüísticas de ambas as linguas.

ESTUDO DO LÉXICO GREGO E LATINO E A SÚA PERVIVENCIA EN GALEGO, CASTELÁN E OUTRAS LINGUAS MODERNAS

A adquisición dun vocabulario grego e latino, baseado nunha frecuencia de uso, constitúe un instrumento para a comprensión e tradución de textos, ao tempo que permite mellorar na expresión oral e escrita en galego e en castelán, así como en linguas estranxeiras. Pódese adquirir ese vocabulario básico a través dos textos traballados, co que a súa aprendizaxe se realiza nun contexto determinado que facilita a súa asimilación. A lectura de textos traducidos e orixinais constitúe un instrumento privilexiado para pór ao alumnado en contacto coas mostras máis importantes da civilización romana e grega: a creación literaria e a produción artística; a ciencia e a técnica; as institucións políticas, relixiosas e militares; a vida familiar, a organización social e a ordenación xurídica. A selección de textos de xéneros e épocas diversas atenderá ao criterio de ofrecer unha visión completa e equilibrada da historia e da sociedade grecorromanas. A sistematización de todos eses datos extraídos de diversas fontes documentais, incluídas as que brindan as tecnoloxías da información e da comunicación, e a súa comparación constante cos que ofrecen as sociedades actuais permitirán unha valoración razoada da achega de Grecia e Roma á conformación do ámbito cultural e político europeo. As tecnoloxías da información e da comunicación (TICs) ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo da lingua e cultura grecorromana que convén aproveitar, como o uso de metodoloxías interactivas no estudo da lingua grega e latina, procura de textos, imaxes e vídeos na internet, ferramentas de presentación e comunicación de resultados, etc... A gradación dos contidos lingüísticos debe basearse no índice de frecuencia, situando no primeiro curso o máis habitual e deixando para o segundo o menos frecuente. Corresponde ao primeiro a lectura comprensiva e tradución de textos breves e sinxelos a través dos cales se asimilarán as estruturas da morfoloxía regular, os valores sintácticos máis usuais e os aspectos básicos da civilización grecorromana. No segundo curso avanza na lectura comprensiva e tradución de textos de maior complexidade, distinguindo neles as características do xénero literario ao que pertencen, así como o tratamento de aspectos específicos do legado grecorromano transmitiron até hoxe e seguen vivos nos nosos escritos e mesmo nas expresións da lingua cotiá.

O seu carácter **opcional** fai necesario dotar ao ensino desta materia dunha gran **flexibilidade** para adecalo á realidade de cada centro e do seu alumnado. As directrices deste currículo han de tomarse como **orientacións abertas** cara ao logro dos obxectivos sinalados para a etapa.

OBXECTIVOS DA ETAPA_BAC (CURRÍCULO LOMCE)

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

OBXECTIVOS POR CURSO

- Iniciarse na comprensión, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando para este fin o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua grega.
- Reflexionar sobre o léxico de orixe grega presente na linguaxe cotiá e na terminoloxía científica, identificando étimos, prefixos e sufixos gregos que axuden a unha mellor comprensión das linguas modernas.
- Ler textos gregos tanto orixinais como adaptados ou traducidos, realizando unha lectura comprensiva e crítica, distinguindo as características principais e o xénero literario a que pertencen.
- Coñecer, na medida en que sexa posible, as máis importantes manifestacións culturais da Grecia

antiga e recoñecer e valorar a súa contribución e continuidade ao longo da historia no mundo actual.

- Utilizar de maneira crítica fontes de información variadas, obtendo delas datos relevantes para o coñecemento da lingua e a cultura estudada.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (RELACIONADOS COS RESPECTIVOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS BÁSICAS) E CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS EXIXIBLES

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C_clave	Mínimos esixibles
B1.1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa.	GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	CCL,CD,CCEC	Sitúa nun mapa as cidades máis importantes de Grecia e asóciaas cos principais acontecementos históricos
B1.2. Comprender a relación directa entre o grego clásico e o grego moderno, e sinalar algúns trazos básicos que permiten percibir este proceso de evolución.	GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través das mesmas as características xerais que definen o proceso de evolución.	CCL,CAA	Diferenza os termos do grego clásico e o grego moderno
B1.3. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual nos aspectos fonéticos, morfosintáctico e léxico.	GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.	CCL	Coñece expresións básicas do grego moderno
B2.1. Identificar, analizar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas nominais e pronominais.	GR2B2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	CCL	Identifica morfoloxicamente substantivos das tres declinacións gregas
B2.2. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas verbais.	GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	CCL	Identifica morfoloxicamente verbos en voz activa e pasiva
B2.3. Coñecer as categorías gramaticais.	GR2B2.2.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen.	CCL	Coñece as categorías gramaticais
B2.4. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.	GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenzando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.	CCL	Separa e identifica morfoloxicamente os components das palabras

B2.5. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto grego.	GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.	CCL	Identifica os principais morfemas gramaticais da lingua grega
B3.1. Recoñecer os valores dos casos e os usos sintácticos do sistema pronominal.	GR2B3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos.	CCL	Identifica as functions sintácticas asociadas a cada caso grego e os principais usos dos pronomes
B3.2. Recoñecer os usos das preposicións e dos complementos circunstanciais.	GR2B3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais.	CCL	Recoñece os sintagmas preposicionais
B3.3. Coñecer e identificar os usos modais propios da lingua grega.	GR2B3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega.	CCL	Traduce con corrección os modo gregos
B3.4. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas.	GR2B3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas.	CCL	Diferenza as oracións de relativo, infinitivo e participio
B3.5. Recoñecer os nexos subordinantes e os tipos de oracións subordinadas.	GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes.	CCL	Traduce correctamente os nexos de subordinación coa axuda do dicionario
B3.6. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo.	GR2B3.6.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. GR2B3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza	CCL	Recoñece morfoloxicamente as formas nominais do verbo
B3.7. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos.	GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza. GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.	CCL	Asocia as construcións sintácticas gregas coas construcións sintácticas da lingua propia
B4.1. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas, e as súas influencias na literatura posterior.	GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.	CCL, CCEC	Diferenza os xéneros da literatura grega e os autores principais
B4.2. Analizar, interpretar	GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos	CMCCT,	Sitúa os autores da

e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o xénero literario ao que pertencen, as súas características esenciais e a súa estrutura, se a extensión da pasaxe elixida o permite.	e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega. GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.	CCEC, CCL	literatura grega na época histórica que lles corresponde
B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura e da cultura europea e occidental.	GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.	CCL,CCEC	Identifica a presenza das características dos xéneros literarios gregos nos xéneros literarios da lingua propia
B4.4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.	GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior.	CCEC	Recoñece a presenza da literatura clásica na literatura posterior
B4.5. Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais.	GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	CD,CCEC	Relaciona os principais xéneros da literatura grega cos autores e as obras máis representativas
B5.1. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos gregos.	GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.	CCL	Traduce un texto con subordinadas completivas e de participio concertado
B5.2. Utilizar o dicionario e procurar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto.	GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.	CCL, CD	Localiza no dicionario os termos dos textos gregos que traduce e identifica o significado máis axustado á tradución
B5.3. Realizar a tradución, interpretación e comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico.	GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.	CCL,CCEC	Realiza un comentario lingüístico e literario do texto que traduce
B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	CSC,CCEC	Realiza un comentario social, cultural e histórico do texto que traduce
B5.5. Identificar as características formais dos textos.	GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	CCL	Comprende o sentido do texto traducido e pode identificar o xénero ao que pertence

B6.1. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e remontalos aos étimos gregos orixinais.	GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.	CCL	Sinala e define dous derivados actuais pertencentes ao vocabulario común
B6.2. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou de outras, obxecto de estudo de léxico común e especializado.	GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden.	CCL	Recoñece o significado doutros derivados actuais a partir do étimo grego do que proceden.
B6.3. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego.	GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán. GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.	CCL	Recoñece o significado dun étimo grego a partir de termos da lingua propio
B6.4. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.	CCL	Recoñece o significado dun étimo grego a partir de termos da lingua propio
B6.5. Recoñecer a etimoloxía e evolución das palabras da propia lingua.	GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro.	CCL	Recoñece o significado dun étimo grego a partir de termos da lingua propio, tanto culto, como patrimonial como neoloxismo
B6.6. Recoñecer e identificar os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego, a derivación e a composición, para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.	GR2B6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado. GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.	CCL	Diferenza os lexemas e os morfemas de formación máis importantes da lingua grega
B1.1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa.	GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	CCL,CD,CCEC	Sitúa os dialectos da lingua grega na súa zona xeográfica correspondente

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE ASOCIADAS A CADA BLOQUE DE CONTIDO

Bloque	Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización
--------	------------	----------	----------------------------	-----------------

Bloque 1. Lingua grega	e,f,h	B1.1. Dialectos antigos, dialectos literarios e koiné.	Realiza un esquema cos principais dialectos gregos e indica en que zonas de Grecia foron usados	2 sesións
Bloque 1. Lingua grega	d,f	B1.2 Do grego clásico ao grego moderno.	Indica os principais cambios na pronuncia do grego antigo e o grego moderno	2 sesións
Bloque 1. Lingua grega	d,f	B1.2 Do grego clásico ao grego moderno.	Le as expresións coloquiais en grego moderno e indica os cambios na pronuncia aos respecto do grego antigo	2 sesións
Bloque 2. Morfoloxía	d,e,f	B2.1. Revisión da flexión nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	Analiza morfoloxicamente e pon en relación coas formas que máis coñecidas	2 sesións
Bloque 2. Morfoloxía	d,e,f	B2.2 Revisión da flexión verbal: conxugación atemática. Modos verbais.	Analiza morfoloxicamente e traduce as seguintes formas verbais	2 sesións
Bloque 2. Morfoloxía	d,e,f	B2.3. Análise morfolóxica.	Identifica e analiza os sustantivos das 3 declinacións Analiza e traduce os sintagmas nominais e cámbios de número Pasa de aoristo a imperfecto os verbos do texto	2 sesións
Bloque 2. Morfoloxía	d,e,f	B2.3. Análise morfolóxica.	Analiza e separa en elementos morfolóxicos as formas verbais da voz activa, media e pasiva	2 sesións
Bloque 2. Morfoloxía	d,e,f	B2.3. Análise morfolóxica.	Identifica e analiza os adxectivos da 3ª declinación	2 sesións
Bloque 3. Sintaxe	d,e,f	B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.	Analiza e traduce os sintagmas nominais e pronominais	2 sesións
Bloque 3. Sintaxe		B3.1. Estudo pormenorizado da	Analiza morfoloxicamente e	2 sesións

		sintaxe nominal e pronominal.	traduce as formas nominais e pronominais en acusativo	
Bloque 3. Sintaxe	d,e,f	B3.2. Usos modais.	Traduce as formas verbais en subxutivo e optativo	2 sesións
Bloque 3. Sintaxe	d,e,f	B3.3. Tipos de oracións e construcións sintácticas.	Analiza e traduce as frases	2 sesións
Bloque 3. Sintaxe	d,e,f	B3.4. Oración composta. Formas de subordinación	Traduce as oracións de relativo Traduce as oracións de infinitivo concertado e non concertado	2 sesións
Bloque 3. Sintaxe	d,e,f	B3.4. Oración composta. Formas de subordinación	Traduce as oracións completivas e indica a función sintáctica que teñen	2 sesións
Bloque 3. Sintaxe	d,e,f,i	B3.5. Análise, tradución e interpretación de textos.	Traduce as fábulas de Esopo con axuda do dicionario e interpreta o sentido do texto traducido	2 sesións
Bloque 4. Literatura	d,e,h,i,n	B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.	Realiza un esquema coas características dos xéneros literarios máis importantes da literatura grega	2 sesións
Bloque 4. Literatura	d,e,h,i,n	B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.	Indica os principios autores e obras dos xéneros literarios explicados na clase	2 sesións
Bloque 4. Literatura	d,e,h,i,n	B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.	Busca as características que definen os xéneros literarios da literatura grega nos seguintes textos actuais	2 sesións
Bloque 4. Literatura	d,e,h,i,n	B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.	Indica a que xénero pertencen os textos que se propoñen e por que razón	2 sesións

Bloque 4. Literatura	d,e,h,i,n	B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.	Le e comenta os seguintes textos	2 sesións
Bloque 5. Textos	d,e,f,n	B5.1. Tradución e interpretación de textos gregos.	Analiza morfosintácticament e e traduce usando o dicionario. Explica o sentido do texto traducido	2 sesións
Bloque 5. Textos	d,e,g	B5.2. Uso do dicionario.	Identifica a terminoloxía e as siglas empregadas nos artigos do dicionario grego Recoñece o enunciado dos verbos latinos e indica o procedimient para a súa localización nos dicionarios latinos. Recoñece o enunciado dos substantivos e edxectivos e o indica o procedement para a súa localización no dicionario grego	2 sesións
Bloque 5. Textos	d,e,f	B5.3. Comentario e análise filolóxica de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa	Analiza a sintaxe e o léxico do texto de Platón	2 sesións
Bloque 5. Textos	a,d,e,h,n	B5.4. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	Analiza o contexto cultural e sitúa na época histórica o texto de Platón traducido	2 sesións
Bloque 5. Textos	d,n	B5.5. Identificación das características formais dos textos.	Identifica os elementos que caracterizan o xénero ao que pretence o texto	2 sesións
Bloque 6. Léxico	d,e,f	B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común.	Comenta a formación dos verbos con preverbio do texto. Di helenismos que conteñan esos	2 sesións

			preverbios	
Bloque 6. Léxico	d,e,f	B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común.	Indica dous derivados actuais e defíneos	2 sesións
Bloque 6. Léxico	d,e,f,n	B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica.	Define e relaciona con palabras do texto	2 sesións
Bloque 6. Léxico	d,e,f,n	B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica.	Define e relaciona con palabras do texto	2 sesións
Bloque 6. Léxico	d,e,f	B6.3. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.	Define e relaciona con palabras do texto	2 sesións

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través das mesmas as características xerais que definen o proceso de evolución.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
GR2B2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
GR2B2.2.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenzando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas • Traballos de investigación

GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas • Traballos de investigación
GR2B3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas • Traballos de investigación
GR2B3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais.	<ul style="list-style-type: none"> • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
GR2B3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega.	<ul style="list-style-type: none"> • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas • Traballos de investigación
GR2B3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas.	
GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes.	<ul style="list-style-type: none"> • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas • Traballos de investigación
GR2B3.6.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. GR2B3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.	<ul style="list-style-type: none"> • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas • Traballos de investigación
GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza. GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega. GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas • Traballos de investigación
GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas

entre a literatura grega e a posterior.	<ul style="list-style-type: none"> • Traballos de investigación
GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas • Traballos de investigación
GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas • Traballos de investigación
GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas • Traballos de investigación
GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas • Traballos de investigación
GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas • Traballos de investigación
GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación sistemática por parte do profesor • Análise da produción do alumnado • Intercambios orais co alumnado • Probas escritas
GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro.	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas • Traballos de investigación
GR2B6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus	<ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas • Traballos de investigación

formantes, e explica o seu significado. GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.	
---	--

METODOLOXÍA

- O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da súa vida.
- Os textos converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos morfosintácticos da lingua grega, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.
- Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo indutivo-contextual, en que as normas se convertan en posesión permanente e en automatismo lingüístico.
- O enfoque irá dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo, mediante unha estratexia de descubrimento.
- Procurarase xerar un clima na aula en que as alumnas e alumnos sintan a necesidade de participar activamente no proceso de ensino e aprendizaxe, asegurándonos de que esas interaccións, mesmo se son erróneas, sirvan de estímulo para intentalo de novo.
- Neste senso, crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan o alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.
- Promoverase a participación dos estudantes en pequenos traballos de investigación. Deberán ser orientados/as para que poidan acadar a capacidade de realizar un proxecto de investigación escolar de forma autónoma.
- Haberá que distinguir niveis de dificultade no contido e nas actividades para cubrir as diversas necesidades educativas do alumnado.
- Promoverase a utilización das TIC para informarse, aprender e comunicarse, e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Identificar e analizar , en textos orixinais gregos, os elementos morfosintácticos imprescindibles para a súa interpretación.
- Traducir e comentar textos gregos coa axuda do diccionario, comprendendo o seu sentido xeral.
- Identificar en textos gregos términos que sexan orixe de helenismos modernos.
- Elaborar traballos sinxelos sobre aspectos integrados nos contidos do curso manexando fontes de diversa índole, insistindo no interese do mundo clásico para a mellor comprensión do presente.
- Identificar e comentar elementos literarios esenciais de textos traducidos correspondentes aos diversos xéneros e recoñecer as súas estruturas básicas diferenciadoras.

- Ler as obras programadas no apartado de lecturas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Na avaliación terase en conta, ademais das **probos obxectivos**, o **traballo** do alumno, a súa **participación** na resolución dos diferentes exercicios que se realicen ou corrixan durante as clases ou na casa.

En cada avaliación haberá, como mínimo, unha probas escritas, que suporá o 90% do total da cualificación de cada avaliación e na que o alumno deberá examinarse de contidos de cultura, civilización e lingua grega (tradución e gramática), seguindo a temporalización marcada nesta programación.

A cualificación de cada avaliación obterase da media aritmética das notas dos exames realizados, ademais terase en conta o traballo das actividades diarias, podendo chegar esta parte a contar até o 10% do total da nota da avaliación ordinaria.

Para a obtención da cualificación final, terase en conta que a primeira e a segunda avaliación suporán un peso total (probos escritas e actividades diarias) do 30% e a terceira avaliación suporá un total do 40%. A nota final será a resultante da suma das tres avaliacións, tendo en conta as porcentaxes correspondentes de cada avaliación, se con iso se beneficia ao alumno.

As avaliacións suspensas recupéranse aprobando a avaliación seguinte, no tocante á parte práctica, e mediante unha proba específica para a parte de teoría. O traballo de tradución é progresivo, polo tanto, o feito de acadar un aprobado na terceira avaliación en tradución recupera posibles suspensos anteriores da parte de tradución.

As faltas graves de ortografía e expresión serán avaliadas negativamente, podendo baixar ata 1 punto a nota final.

Ademais, tendo en conta que se trata de ensino presencial, as faltas de asistencia e puntualidade inxustificadas terán incidencia tamén nas cualificacións finais. Concretamente, penalizarase con 0,1 puntos cada falta de asistencia inxustificada e con 0,05 puntos cada falta de puntualidade inxustificada.

Por último, grazas aos instrumentos de recollida de información como guías de observación, cuestionarios... debemos comprobar se o proceso de ensinanza-aprendizaxe foi o adecuado, e, en caso negativo, reorientar o noso proceso incorporando novos mecanismos de recuperación.

PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Os alumnos que teñan que recuperar a materia de GREGO II terán un seguimento particular por parte do profesor quen lles informará dos niveis mínimos esixidos para a superación da materia.

Entregaránselles unha serie de actividades de reforzo relativas aos bloques de contidos de lingua, léxico, literatura e textos que realizarán pola súa conta. Serán revisadas e as posibles dúbidas aclaradas nunha clase de recuperación e reforzo quincenal ou, como máximo, mensual, que será acordada cos alumnos interesados.

As medidas de recuperación poden ser entre outras a elaboración de resumos das ideas principais de cada unidade ou unha proba de recuperación (escrita) por cada avaliación que demostren o grao de adquisición dos obxectivos establecidos.

Os alumnos coa materia pendente terán a posibilidade de superar a totalidade da materia presentándose a unha proba en febreiro e outra en maio.

PARTICIPACIÓN NO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

O proxecto lector incide no aspecto máis lúdico da actividade lectora, neste Departamento, en concreto, na temática do ámbito da cultura clásica e as súas pegadas no mundo actual.

Resulta interesante e didáctico o comentario e a recomendación de lecturas apropiadas e amenas para o alumnado como unha práctica máis da aprendizaxe; desta maneira se consegue que o

alumnado teña unha visión máis interdisciplinar do profesorado, sen encadrar a cada profesional na súa única disciplina, observando así unha integración en todos os aspectos do saber.

Dentro de cada disciplina, nivel e curso, se asesora e anima á lectura de textos, considerando a lectura de determinados libros que se relacionan en cada curso un requisito para aprobar as distintas materias.

As lecturas obrigatorias para este curso virán polo programa da CIUG na materia de Grego II.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os mesmos que en primeiro, pero será necesario un diccionario de Grego. Poderemos usar unha gramática segundo as dificultades que xurdan na aula. Libro de texto: Grego . Editorial Almadraba. Utilizarase unha antoloxía específica de textos gregos elaborada polo profesor para a preparación da Opción I (Xenofonte) e da opción II (Platón) propostas pola CIUG.

PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS NOS CONTIDOS PROGRESIVOS

- Análise, en textos gregos moi sinxelos, e identificación dos elementos básicos da morfoloxía regular grega.
- Recoñecemento das funcións sintácticas máis abundantes e importantes.
- Tradución á lingua materna, coa maior fidelidade posible, de textos breves sinxelos en grego antigo, ben orixinais ou ben adaptados.
- Recoñecemento das voces de orixe grega no léxico das nosas linguas, especialmente en palabras de uso técnico e científico con clara relación etimolóxica.
- Localización no espazo e no tempo dos fenómenos máis relevantes da historia e da literatura de Grecia.
- Identificación e análise de textos e representacións dos principais mitos gregos.

DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL (COMÚNS ÁS MATERIAS)

Diagnosticar as habilidades, actitudes, dificultades e coñecementos do alumnado respecto aos novos contidos que se van tratar. Para efectualas correctamente as fontes son variadas: documentación do centro, informes dos profesores, resultados de avaliacións anteriores, cuestionarios....

O proceso de avaliación inicial esixe que se atenda máis aos posibles recursos e capacidades do alumnado que ás posibles deficiencias que presenten, aínda que sen esquecer estas. Parece ser máis produtivo analizar as expectativas e intereses, as potencialidades que ten o alumnado co fin de proporcionarlles unha educación adaptada a eles que simplemente "constatar o baixo nivel que posúen". Desde este suposto o primeiro que convén explorar e coñecer son as actitudes do alumnado fronte á materia, e en xeral aos grandes temas que poden tratarse desde un punto de vista interdisciplinar. O coñecemento destas actitudes proporcionará datos valiosos para organizar unhas actividades que fomenten a "motivación por aprender".

En segundo lugar, interesa coñecer as capacidades do alumnado en relación aos procedementos. Interesará coñecer o desenvolvemento de capacidades xerais (lectura, escritura, identificación, análise...) xa que teñen unha influencia na súa capacidade de progresar na materia. Ademais, debe tratar de coñecerse o grado de dominio dos procedementos básicos da materia que caben ser considerados como pre-requisitos no área; isto permitirá iniciar algúns medidas de reforzo en caso necesario. Ademais, convén indagar achega dos grados de dominio en relación aos conceptos que son necesarios para o progreso na materia Neste caso interesa observar non só a adquisición ou non de determinados conceptos relacionados coas nosas materias, senón os procesos seguidos polo alumnado que lle levaron a concepcións erróneas. As capacidades que poderían explorarse neste

caso poden ser: identificación, selección, interrelación, definición e aplicación á resolución de problemas.

Os instrumentos para recoller a información relevante para a avaliación inicial non ten que basearse necesariamente en probas escritas. Este tipo de probas pode ser adecuada para determinados procedementos e algúns contidos conceptuais, pero non con carácter xeral; entre as súas vantaxes destaca que se dispón dun material escrito, individualizado e sempre revisable. Como complemento á proba escrita traballaremos en grupos de debate, en técnicas en pequeno grupo, etc, o que nos indicará as tendencias xerais do grupo de alumnas e alumnos. A observación dos alumnado e a súa anotación nun rexistro daranos información individualizada. Outro instrumento que pode utilizarse é a entrevista, que pode realizarse de modo formal ou informal, ou simplemente mediante preguntas en clase.

Intentaremos detectar pronto problemas e dificultades de aprendizaxe nalgunhas alumnas e alumnos. Unha parte importante da información pode obterse da autoevaluación de alumnos e alumnas ou mediante actividades ou exercicios que impliquen un alto grado de valoración por parte do alumnado

ACCÍONS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA (COMÚNS ÁS MATERIAS)

Traballarase na prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Comprensión lectora, expresión oral e escrita e comunicación audiovisual

Este elemento transversal inscríbese nun marco de actitudes e valores que o individuo pon en funcionamento: o respecto ás normas de convivencia; o exercicio activo da cidadanía; o desenvolvemento dun espírito crítico; o respecto aos dereitos humanos e o pluralismo; a concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia, a resolución de conflitos e o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos; unha actitude de curiosidade, interese e creatividade cara á aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia (lectura, conversación, escritura, etcétera) como fontes de pracer relacionada co goce persoal e cuxa promoción e práctica son tarefas esenciais no reforzo da motivación cara á aprendizaxe.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua. O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfunciones comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofunciones textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- O compoñente socio-cultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O compoñente estratéxico permite ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversación, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; así

mesmo, tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente. Este elemento transversal inclúe un compoñente persoal que intervéñ na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

- A aprendizaxe da Cultura clásica, do Latín e do Grego contribúe á adquisición e traballo desta elemento transversal coa lectura e comprensión de fontes escritas, coa elaboración e análise de textos, coas exposicións orais sobre diversos temas, coa utilización dun vocabulario moi amplo ao ter que manexar termos que proveñen do grego e do latín principalmente. Ademais, o alumno poderá afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta como elemento esencial para a comunicación e para a adquisición de coñecementos.

Tecnoloxías da información e da comunicación

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empleabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade.

Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nunha contorna dixital.

Require de coñecementos relacionados coa linguaxe específica básico: textual, numérico, icónico, visual, gráfico e sonoro, así como os seus pautas de decodificación e transferencia. Isto conleva o coñecemento das principais aplicacións informáticas. Supón tamén o acceso ás fontes e o procesamiento da información; e o coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten ás persoas no mundo dixital.

Para o adecuado desenvolvemento deste elemento transversal resulta necesario abordar:

- A información: isto conleva a comprensión de cómo se xestiona a información e de como se pon a disposición dos usuarios, así como o coñecemento e manexo de diferentes motores de procura e bases de datos, sabendo elixir aqueles que responden mellor ás propias necesidades de información. Igualmente, supón saber analizar e interpretar a información que se obtén, cotexar e avaliar o contido dos medios de comunicación en función da súa validez, fiabilidade e adecuación entre as fontes, tanto online como offline. E para rematar, a competencia digital supón saber transformar a información en coñecemento a través da selección apropiada de diferentes opcións de almacenamiento.
- A comunicación: supón tomar conciencia dos diferentes medios de comunicación digital e de varios paquetes de software de comunicación e do seu funcionamento así como os seus beneficios e carencias en función do contexto e dos destinatarios. Ao mesmo tempo, implica saber que recursos poden compartirse públicamente e o valor que teñen, é dicir, coñecer de que xeito as tecnoloxías e os medios de comunicación poden permitir diferentes formas de participación e colaboración para a creación de contidos que produzan un beneficio común. Iso supón o coñecemento de cuestións éticas como a identidade digital e as normas de interacción dixital.
- A creación de contidos: implica saber como os contidos dixitais poden realizarse en diversos formatos (texto, audio, vídeo, imaxes) así como identificar prográmalos/aplicacións que mellor se adaptan ao tipo de contido que se quere crear. Supón tamén a contribución ao coñecemento de dominio público (wikis, foros públicos, revistas), tendo en conta as normativas sobre os dereitos de autor e as licenzas de uso e publicación da información.
- A seguridade: implica coñecer os distintos riscos asociados ao uso das tecnoloxías e de recursos online e as estratexias actuais para evitalos, o que supón identificar os comportamentos adecuados no ámbito digital para protexer a información, propia e doutras persoas, así como coñecer os aspectos adictivos das tecnoloxías.

- A resolución de problemas: esta dimensión supón coñecer a composición dos dispositivos dixitais, os seus potenciais e limitacións en relación á consecución de metas persoais, así como saber onde buscar axuda para a resolución de problemas teóricos e técnicos, o que implica unha combinación heteroxénea e ben equilibrada das tecnoloxías dixitais e non dixitais máis importantes nesta área de coñecemento.

A aprendizaxe da Cultura clásica, do Latín e do Grego supón o traballo con este elemento transversal posto que a súa dimensión histórica e cultural favorece que o alumnado utilice as novas tecnoloxías para seleccionar de forma adecuada diversas fontes de información, analízalas e interpretalas, valorar a súa validez e fiabilidade e traballar de xeito colaborador sobre os materiais seleccionados. Ademais, tamén fomenta a presentación de traballos en soporte dixital e favorece o desenvolvemento das habilidades necesarias para a súa exposición de forma autónoma que lles permita chegar a conclusións novas e resolver situacións de forma orixinal, sentíndose autores e protagonistas dos resultados e conclusións obtidos.

Accións a realizar:

- Empregar varias fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Emprendemento

O elemento transversal do emprendemento implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e gestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral nos que se desenvolven as persoas, permitíndolles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe igualmente o cimento doutras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados.

Neste elemento transversal inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais. Tamén inclúe aspectos de maior amplitude que proporcionan o contexto no que as persoas viven e traballan, tales como a comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento das sociedades e as organizacións sindicais e empresariais, así como as económicas e financeiras; a organización e os procesos empresariais; o deseño e a implementación dun plan (a xestión de recursos humanos e/ou financeiros); así como a postura ética das organizacións e o coñecemento de como estas poden ser un impulso positivo, por exemplo, mediante o comercio xusto e as empresas sociais. Así mesmo, esta competencia require das seguintes destrezas ou habilidades esenciais: capacidade de análise; capacidades de planificación, organización, xestión e toma de decisións; capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas; comunicación, presentación, representación e negociación efectivas; habilidade para traballar, tanto individualmente como dentro dun equipo; participación, capacidade de liderado e delegación; pensamento crítico e sentido da responsabilidade; autoconfianza, avaliación e auto-avaliación, xa que é esencial determinar os puntos fortes e débiles dun mesmo e dun proxecto, así como avaliar e asumir riscos cando estea xustificado (manexo da incerteza e asunción e xestión do risco). Finalmente, require o desenvolvemento de actitudes e valores como: a predisposición a actuar dunha forma creadora e imaxinativa; o autoconocemento e a autoestima; a autonomía ou independencia, o interese e esforzo e o espírito emprendedor. Caracterízase pola iniciativa, a proactividade e a innovación, tanto na vida privada e social como na profesional. Tamén está

relacionada coa motivación e a determinación á hora de cumprir os obxectivos, xa sexan persoais ou establecidos en común con outros, incluído o ámbito laboral.

Así pois, para o adecuado desenvolvemento da competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor resulta necesario abordar: A capacidade creadora e de innovación: creatividade e imaxinación; autoconocimiento e autoestima; autonomía e independencia; interese e esforzo; espírito emprendedor; iniciativa e innovación.

A capacidade proactiva para gestionar proxectos: capacidade de análise; planificación, organización, xestión e toma de decisións; resolución de problemas; habilidade para traballar tanto individualmente como de xeito colaborativa dentro dun equipo; sentido da responsabilidade; avaliación e auto-avaliación.

A capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza: comprensión e asunción de riscos; capacidade para gestionar o risco e manexar a incerteza.

As calidades de liderado e traballo individual e en equipo: capacidade de liderado e delegación; capacidade para traballar individualmente e en equipo; capacidade de representación e negociación.

Sentido crítico e da responsabilidade

As materias de Cultura clásica, Latín e Grego contribúen a fomentar a autonomía e iniciativa persoal e o espírito emprendedor na medida en que se utilizan procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. A exposición de traballos individuais ou en grupo e a realización de debates implican valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, e non se render ante as dificultades. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

Accións a realizar:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Dar prioridade á consecución de obxectivos de grupo fronte a intereses persoais.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

Educación cívica e constitucional

Este elemento transversal implica a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social. Trátase, polo tanto, de axuntar o interese por profundar e garantir a participación no funcionamento democrático da sociedade, tanto no ámbito público como privado, e preparar ás persoas para exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social grazas ao coñecemento de conceptos e estruturas sociais e políticas e ao compromiso de participación activa e democrática.

Para poder participar plenamente nos ámbitos social e interpersonal é fundamental adquirir os coñecementos que permitan comprender e analizar de xeito crítico os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornas, así como as súas tensións e procesos de cambio. A mesma importancia ten coñecer os conceptos básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, a igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, a sociedade e a cultura. Así mesmo, é esencial comprender as

dimensións intercultural e socioeconómica das sociedades europeas e percibir as identidades culturais e nacionais como un proceso sociocultural dinámico e cambiante en interacción coa europea, nun contexto de crecente globalización. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de comunicarse dun xeito constructiva en distintas contornas sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía. As persoas deben ser capaces de xestionar un comportamento de respecto ás diferenzas expresado de xeito construtiva.

O estudo da Cultura clásica, do Latín e do Grego desenvolve no alumnado actitudes de cidadáns activos e comprometidos mediante a comprensión do noso pasado, o estudo da configuración social e política, os acontecementos máis destacados da súa historia, o seu concepto de ocio e de traballo e a influencia que todo iso tivo na configuración da sociedade actual en todas as súas dimensións. A tolerancia, a capacidade de respectar as diferenzas e o diálogo como base dos acordos son algunhas das destrezas que o alumnado tamén adquire grazas ao papel mediador de Grecia e de Roma.

Accións a realizar:

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza que supón a diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Respectar os distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO (COMÚNS ÁS MATERIAS)

Recomendaremos e usaremos páxinas Web en cada unha das unidades didácticas e para cada actividade concreta, incentivarase o uso do ordenador para a realización de traballos e prácticas, farase uso de canón durante as clases na aula, aínda que este propósito dependerá da dispoñibilidade dos recursos dixitais coa que contemos.

Recomendaremos páxinas Web que permitan afondar no coñecemento dos contidos da nosa programación, usaremos o canón para a proxección de presentacións en Power Point ou esquemas enmaquetados dos contidos de cada unha das unidades didácticas e para cada actividade concreta e promoveremos a utilización das TICs para informarse, aprender e comunicarse, incidindo no seu uso cun sentido crítico e formativo que nos permite achegarnos a materiais de diversa procedencia.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES QUE SE PRETENDEN REALIZAR (COMÚNS ÁS MATERIAS) (DEPENDENDO DA EVOLUCIÓN DA PANDEMIA)

- Posibilidade dalgunha saída formativa en función da oferta de exposicións ou visitas a cidades con restos arqueolóxicos do mundo clásico.
- Asistencia a representacións de obras de teatro.
- Calquera outra que, sen estar prevista, se considere oportuna para unha formación máis completa do alumnado.

En función das preferencias, intereses e posibilidades organizativas coas que contemos intentaremos realizar as seguintes actividades:

- Asistencia á representación dunha traxedia e unha comedia clásica dentro do Festival de Teatro Grecolatino de Lugo.

- Visita ó Museo de Pontevedra.
- Visita á cidade de Lugo e museos.
- Visita dalgún Castro (Viladonga...)
- Deixamos aberta a posibilidade de realizar outras actividades extraescolares en función dos programas e oportunidades que xordan ao longo do presente curso. Non descartamos a posibilidade de organizar con outro centro, e na medida en que suscite o interese do noso alumnado, unha viaxe didáctica e cultural a calquera punto de España (Sagunto) ou Europa (Atenas, Roma, Londres) que permita profundar no coñecemento do mundo clásico e da súa pervivencia na actualidade.

PROCEDEMENTO E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN /PRÁCTICA DOCENTE

Imos utilizar unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

(Indicadores de logro)	ESCALA		
	1	2	3
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?			
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?			
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?			
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?			
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?			
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas			
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?			
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?			
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?			
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?			
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?			
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?			
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?			
14.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.			
15.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación			
16.- Fixáronse criterios para a avaliación final?			
17.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?			
18.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?			
19.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?			

20.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?			
21.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso			
22.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?			
23.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?			

ORATORIA. 2º ESO

INTRODUCCIÓN

O noso centro educativo decidiu escoller esta materia porque considera que na actualidade, a oratoria non se limita a determinadas profesións senón que resulta imprescindible para á mellora colectiva e democrática da realidade, para destacar na nosa traxectoria académica e profesional e tamén para ter un mellor concepto de nós mesmos e diante os demais.

Por outra banda, consideramos que esta materia contribúe a desenvolver competencias clave como a comunicación lingüística (presente e necesaria en todas as materias do currículo), as competencias sociais e cívicas e tamén a iniciativa e o carácter emprendedor, imprescindible na actualidade para triunfar nunha sociedade cada vez máis competitiva.

Esta materia, a tenor do exposto no DOG número 136 do 21 do 7 de 2015, distribúese en catro BLOQUES:

1. **Inventio** que consiste en buscar os materiais necesarios para conformar un discurso.
2. **Dispositio** no que o alumno debe escoller e estruturar eses materiais.
3. **Elocutio** paso no que se debe elaborar un texto.
4. **Memoria** o alumno debe ser quen de aprender ese texto para expoñelo en público.
5. **Actio** que consiste na posta en escena do discurso elaborado.

O DISCURSO PERSUASIVO

Neste primeiro paso, o profesor proporcionaralle ao alumno mostras de discursos breves ou fragmentos de discursos persuasivos de políticos, xogadores, adestradores, vendedores...para que aprendan a ser críticos e distinguan os distintos discursos en función da súa finalidade. Este tipo de material será tanto oral como escrito para que vexan así a diferenza entre o rexistro oral e o escrito.

A finalidade é darlle os instrumentos necesarios para que o alumno poida elaborar o seu propio discurso.

A ELABORACIÓN DO DISCURSO PERSUASIVO

Neste apartado están presentes a *inventio*, a *dispositio* e a *elocutio*.

É neste momento no que terá moito valor a destreza que demostre o alumno para buscar e tratar a información e tamén a súa capacidade de comprensión lectora e de expresión

escrita. Será neste punto no que o alumno deberá estruturar dunha forma clara e ordenada o seu discurso como paso previo e imprescindible para ter éxito na súa posta en escena.

Sería tamén moi importante neste punto facer un traballo interdisciplinar, isto é a colaboración e a coordinación con outras materias co fin de facer máis eficaz a xestión do tempo, e máis atractivo ao alumnado pola variedade que isto suporía.

A PRESENTACIÓN DO DISCURSO PERSUASIVO

Neste apartado están presentes a *memoria e a actio*. É, sen dúbida, o bloque no que o alumno terá que esforzarse máis e dedicarlle máis tempo porque é neste momento que o alumno terá que presentar en público o seu discurso.

Tamén terá que empregarse a fondo o profesor para crear un clima de confianza e seguridade para que o alumno non teña medo a presentar o seu discurso diante dos compañeiros. Tamén pode e debe animar ao alumno para que poida, se así o desexa, empregar soportes audiovisuais e informáticos que sirvan de apoio ao seu discurso, se ben debe quedar claro que o importante é a persoa e o seu discurso.

ORATORIA, VALORES E EDUCACIÓN EMOCIONAL

Trátase de poñer en valor a oratoria e os beneficios que esta pode producir no noso desenvolvemento democrático e persoal. O alumno debe aprender a construír o seu discurso con honestidade e desde a vontade de acadar un entendemento entre posturas contrarias,; o alumno debe discutir dando argumentos e escoitando os argumentos dos demais para chegar a acordos. É aquí onde o alumno ten que aprender a ser crítico para distinguir un discurso no que se expón una verdade ou simplemente un aspecto de verdade, é por todo isto que neste bloque recorrerase basicamente aos debates sobre calquera tema: político, académico, deportes, cine...

En resumen, o traballo que se vai facer nesta materia vai ser fundamentalmente práctico, polo que o profesor deberá fomentar o traballo cooperativo, fará de coordinador para conseguir, na medida do posible, que sexa un traballo interdisciplinario e fomentará a metodoloxía de traballar por proxectos. A súa vez, debe crear un clima de confianza dentro da aula para que o alumno se sinta cómodo para traballar expoñer cando o traballo estea finalizado. O profesor só coordina.

Por último, os instrumentos de avaliación serán variados para poder atender ás diversas destrezas e competencias que se traballan nesta materia e para valorar á evolución do alumno, para iso recolleranse os datos froito da observación sistemática do seu traballo.

Bloque 1: O discurso persuasivo

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>B1.1. Discursos persuasivos escritos (presentacións e debates).</p> <p>Tipos de discurso persuasivo.</p> <p>Intención comunicativa.</p> <p>Estrutura do texto.</p> <p>Procedementos retóricos.</p> <p>Características estilísticas.</p>	<p>Ler e comprender discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Identifica nos textos escritos os argumentos principais e as teses. 2. Explica a intención do discurso. 3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre ideas. 4. Identifica as estratexias para captar a benevolencia da audiencia equilibrando o uso de recursos emocionais e racionais. 5. Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe. 6. Valora a influencia dos trazos lingüísticos e os procedementos retóricos na eficacia da mensaxe. 	<p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p>
<p>B1.2. Discursos persuasivos orais en situacións formais e informais.</p> <p>Tipos de discurso persuasivo.</p> <p>Intención comunicativa.</p> <p>Estrutura do texto.</p> <p>Procedementos retóricos.</p> <p>Características</p>	<p>Escoitar e ver discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Identifica nos textos orais os argumentos principais e as teses. 2. Explica a intención persuasiva do discurso e exprésaa. 3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre as ideas que expón. 4. Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co 	<p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p>

estilísticas. B1.3. Pronunciación, voz, mirada, linguaxe corporal e presenza escénica.		que sabe. 5. Identifica os recursos da linguaxe non verbal e describe o seu valor expresivo.	
--	--	---	--

Bloque 2: Elaboración do discurso persuasivo.

B2.1. Concreción dunha mensaxe persuasiva. Trazos da mensaxe persuasiva: claridade e brevidade.	Elaborar unha mensaxe breve e clara que funcione como núcleo do discurso.	Condensa nunha frase breve e clara unha mensaxe persuasiva.	CCL
B2.2. Adaptación do discurso ao contexto. B2.3. Estratexias para captar a benevolencia e a atención da audiencia. B2.4. Adaptación do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. B2.5. Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.	Adapta a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	1. Emprega nun texto estratexias comunicativas para captar a atención e a benevolencia da audiencia. 2. Planifica o discurso tendo en conta as características do modelo ou xénero elixido. 3. Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación da que dispón.	CCL CSC CCL CSC CCL CAA
B2.6. Documentación e investigación. B2.7. Tipos de fontes documentais. Criterios de	Identificar e manexar fontes documentais.	1. Identifica as fontes das que pode obter información. 2. Selecciona as fontes documentais máis axeitadas e as súas	CCL CCL

selección. B2.8. Estratexias de busca.		propias vivencias para extraer contidos e ideas variados relacionadas co tema do discurso.	
B2.9. Xestión da información.	Obter e organizar a información para afondar nos coñecementos do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Analiza de maneira crítica a información encontrada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do discurso. 2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual. 	CCL CD CAA CCL CMC T CD CAA
B2.10. Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas, etc.) e os emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos, etc.)	Seleccionar as ideas máis axeitadas e ordenalas nunha estrutura ordenada e eficaz.	Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha proposta persoal e orixinal.	CCL CMC T CAA CCEC
B2.11. Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.	Empregar recursos propios da argumentación.	Emprega con propiedade os recursos propios da argumentación.	CCL
B2.12. Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.	Organiza as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	Organiza os contidos nunha estrutura clara e eficaz, na que se observa unha introdución, un desenvolvemento coherente e unha conclusión.	CCL CAA
B2.13. Textualización do discurso. B2.14. Coherencia e cohesión. B2.15. Corrección lingüística.	Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Redacta o discurso con corrección lingüística, con coherencia e cohesión. 2. Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia 	CCL CAA CCL CAA

B2.16. Figuras retóricas: metáforas, paralelismos, antíteses, interrogación retórica...		persuasiva.	CCEC
B2.17. Proceso de revisión. Correctores	Realizar o proceso de revisión do texto.	1. Realiza sucesivas revisións, correccións e melloras do texto, axudándose da autoavaliación e coevaluación.	CCL CD CAA

Bloque 3: A presentación do discurso persuasivo.

B3.1. Memorización do discurso.	Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso a partir de secuencias pequenas ata dar co texto completo.	Desenvolve estratexias propias para memorizar o texto.	CCL CMCC T CAA
B3.2. Interiorización do discurso.	Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	Presenta un texto aprendido sen perder a improvisación e a espontaneidade.	CCL CAA CSIEE
B3.3. Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza e seguridade)	Potenciar as emocións positivas na exposición ante o público.	Realiza unha exposición na que busca manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso ante un auditorio.	CCL CAA CSC CSIEE
B3.4. Xestión das emocións negativas.	Controla a conduta asociada ás emocións negativas ante situacións comunicativas con público.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñece as emocións negativas(medo escénico, inseguridade, nerviosismo, etc.) como unha manifestación natural da exposición ante o público. 2. Desenvolve estratexias propias e saúdables para controlar a conduta 	CSIEE CCL

		asociada ás emocións negativas.	CSC
B3.5. Dicción: pronunciación, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.	Pronuncia con corrección, claridade e expresividade.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Pronuncia con corrección e claridade un texto de creación propia. 2. Emprega con especial coidado o ritmo de alocución natural de maneira que permita seguir a exposición con facilidade. 3. Emprega as pausas, os silencios e os cambios de ton e de ritmo de maneira significativa, para potenciar o poder expresivo do seu discurso. 	<p>CCL</p> <p>CCL CAA</p> <p>CCL CAA</p>
B3.6. Kinesia: comunicación corporal. Tics. B3.7. Proxémica: espazo escénico. B3.8. Naturalidade frente a artificialidade.	Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para poñer en valor a expresividade e eficacia do discurso.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Emprega nunha exposición a mirada, a posición do corpo e a xestualidade de maneira natural, eliminando progresivamente pequenos vicios e tics non axeitados. 2. Ocupa o espazo con naturalidade e personalidade, evitando o artificio. 	<p>CCL CAA</p> <p>CCL</p>
B3.9. Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.	Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, clara e creativas e emprega con moderación os recursos audiovisuais.	<p>CCL CD CAA CCEC</p>

Bloque 4: Oratoria, valores e educación emocional.

<p>B4.1. Oratoria para a construción da veracidade do discurso.</p>	<p>Usar a oratoria como un instrumento ético para a construción ou aproximación colectiva á verdade.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Emprega nun discurso as estratexias da retórica e da oratoria de maneira ética e honesta recoñecendo as debilidades do razoamento propio e valorando as aportacións do razoamento alleo. 2. Identifica as estratexemas que terxiversan a información. 	<p>CAA CSC CCEC CAA CSC</p>
<p>B4.2. Oratoria para a participación activa na democracia.</p>	<p>Elaborar textos para intervir en ámbitos de participación social, reais ou simulados, con respecto polas normas de convivencia e procurando a resolución pacífica de conflitos.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Presenta proxectos, aportacións, opinións ou refutacións en ámbitos orais diversos, reais ou ficticios. 2. Elabora discursos para a defensa lexítima de dereitos establecidos. 	<p>CSC CSIEE CSC CSIEE</p>
<p>B4.3. Representación das habilidades persoais e sociais no discurso. Autoconfianza, empatía e asertividade.</p>	<p>Desenvolve as relacións interpersoais e a propia personalidade grazas ao uso cívico da palabra.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñece a manifestación das súas habilidades interpersoais a través do discurso. 2. Presenta as súas ideas desde unha perspectiva empática e sen agredir ás outras persoas. 3. Desenvolve habilidades asertivas para expoñer as propias ideas con honestidade, afirmando os 	<p>CSC CAA CSIEE CAA CSC</p>

		propios dereitos.	CSIEE
--	--	-------------------	-------

Materiais e recursos didácticos

- O libro de texto empregado será *Oratoria 1º-2º ESO* da editorial Xerais, de Manuel Antón Mosteiro García. ISBN: 978-84-9121-437-3.
- Libro de lectura recomendado: *Cómo hablar y presentar en público*, edición Miranda Mágica SRL, de Carlos Salas. ISBN: 9781520834672.
- Traballarase tamén con materiais creados e aportados polo profesor, con libros doutros autores, con imaxes, con videos, materiais e ferramentas TICs etc:

Criterios de avaliación

Probas escritas e actividades complementarias

- En cada avaliación faranse unha serie de actividades que avaliará o profesor cun peso na cualificación do 50% da nota final.
- Esta nota verase complementada polo traballo diario e observación na aula. Este supoñerá o 50% da nota. Incluímos neste apartado o rexistro de actividades que ha de levar o alumno no seu CADERNO. Se son orais, fará unha breve descrición das mesmas poñendo a data. En caso de ser escritas, ou a parte escrita das mesmas, serán gardadas polo alumno no seu caderno.

POTENCIAL ENSINO TELEMÁTICO EN CASO DE CONFINAMENTO E ATENCIÓN A ALUMNOS CONFINADOS

GREGO I. 1º BACHARELATO

METODOLOXÍA

O medio de comunicación con eles será fundamentalmente a aula virtual e tamén o correo electrónico, a través dos cales plantexarán todas as dúbidas e enviarán as súas tarefas e traballos, que o profesor lles entregará corrixidos ao día seguinte. Todos os alumnos teñen conexión a internet e dispoñen do material necesario para seguir aprendendo e traballando na casa pois lles foi entregado o primeiro día de clase. Ademais enviaráselles a través da aula virtual ou do correo electrónico material complementario en formato pdf ou videográfico para consulta e ampliación de contidos. O enfoque metodolóxico debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da súa vida. Proponse unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo indutivo-contextual, en que as normas se convertan en posesión permanente e en automatismo lingüístico. O enfoque vai dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo, mediante unha estratexia de descubrimento. Procúrase xerar un clima en que as alumnas e alumnos sintan a necesidade de participar activamente no proceso de ensino e aprendizaxe, asegurándonos de que esas interaccións, mesmo se son erróneas, sirvan de estímulo para intentalo de novo.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de exercicios entregados por correo electrónico ou a través da aula virtual.
- Observación da calidade dos exercicios entregados.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Exercicios de declinación.
- Exercicios de análise morfolóxica e tradución de formas verbais .
- Exercicios de análise morfolóxica e tradución de frases.
- Preguntas de mitoloxía.
- Preguntas de cultura.
- Exercicios de helenismos.

CUALIFICACIÓN FINAL

Para a obtención da cualificación final do curso terase en conta, ademais da nota obtida nas probas obxectivas, o traballo do alumno, a súa participación na resolución dos diferentes exercicios que se realizaron na aula e na casa, e as tarefas feitas de maneira online durante o período de confinamento.

GREGO II. 2º BACHARELATO

METODOLOXÍA

O medio de comunicación co alumnado será fundamentalmente a aula virtual e o correo electrónico, a través do cal plantexarán todas as dúbidas e enviarán as súas tarefas. Todos os alumnos teñen conexión a internet. Os alumnos enviarán sistematicamente os seus traballos dous días por semana. As actividades consistirán basicamente na tradución e análise morfosintáctica de textos modelo ABAU, que o profesor lles entregará corrixidos ao día seguinte. Todos os alumnos dispoñen do material necesario para seguir aprendendo e traballando na casa pois lles foi entregado ao principio de curso. Ademais enviaráselles material complementario en formato pdf para consulta e ampliación de contidos.

O enfoque metodolóxico debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da súa vida.

Os textos convértese no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos morfosintácticos da lingua grega, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.

Proponse unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo indutivo-contextual, en que as normas se convertan en posesión permanente e en automatismo lingüístico.

O enfoque vai dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo, mediante unha estratexia de descubrimento.

Procúrase xerar un clima en que as alumnas e alumnos sintan a necesidade de participar activamente no proceso de ensino e aprendizaxe, asegurándonos de que esas interaccións, mesmo se son erróneas, sirvan de estímulo para intentalo de novo.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Identificar e analizar, en textos orixinais gregos, os elementos morfosintácticos imprescindibles para a súa interpretación.
- Traducir e comentar textos gregos coa axuda do dicionario, comprendendo o seu sentido xeral.
- Identificar en textos gregos termos que sexan orixe de helenismos modernos.
- Identificar e comentar elementos literarios esenciais de textos traducidos correspondentes aos diversos xéneros e recoñecer as súas estruturas básicas diferenciadoras.
- Ler as obras programadas no apartado de lecturas.

CUALIFICACIÓN FINAL

Para a obtención da cualificación final do curso terase en conta, ademais da nota obtida nas probas obxectivas, o traballo do alumno, a súa participación na resolución dos diferentes exercicios que se realizaron na aula e na casa, e as tarefas feitas de maneira online durante o período de confinamento.

CULTURA CLÁSICA 3º ESO

METODOLOXÍA

O medio de comunicación co alumnado será fundamentalmente a aula virtual e o correo electrónico, a través dos cales plantexarán todas as dúbidas e enviarán as súas tarefas. Todos os alumnos teñen conexión a internet. O profesor engade na aula virtual recursos (vídeos, material explicativo en pdf...) e actividades que os alumnos teñen que resolver e enviar a través da plataforma.

Cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes; enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade de autoaprendizaxe e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da vida.

ACTIVIDADES

- Exercicios de verdadeiro ou falso, con corrección das opcións falsas.
- Preguntas de resposta curta.
- Exercicios de relacionar.
- Exercicios de opción múltiple
- Exercicios de comprensión lectora

MATERIAIS

- Documentos con explicación teórica da materia.
- Documentos con exercicios sinxelos sobre a materia enviada
- Vídeos

Todo este material se lles proporciona aos alumnos a través da aula virtual. Ademais contan tamén con libro de texto para seguir traballando na casa.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN:

AVALIACIÓN:

PROCEDEMENTOS:

- Rexistro de exercicios entregados a través da aula virtual.
- Observación da calidade dos exercicios entregados.

INSTRUMENTOS

- Preguntas de resposta curta.
- Exercicios de emparellamentos.
- Preguntas de opción múltiple
- Preguntas de Verdadeiro ou Falso, corrixindo os apartados falsos.
- Sopas de letras.
- Elaboración de esquemas.
- Exercicios de definición de termos.

CUALIFICACIÓN FINAL

Para a obtención da cualificación final do curso terase en conta, ademais da nota obtida nas probas obxectivas, o traballo do alumno, a súa participación na resolución dos diferentes exercicios que se realizaron na aula e na casa, e as tarefas feitas de maneira online durante o período de confinamento.

ORATORIA 2º ESO

METODOLOXÍA

Todos os alumnos teñen conexión a internet. O medio de comunicación co alumnado será fundamentalmente a Aula Virtual, así como Abalar e o correo electrónico, e é a través destas canles onde eles plantexarán todas as dúbidas e enviarán as súas tarefas. O profesor engade na plataforma virtual recursos (vídeos, material explicativo en pdf...) e actividades que os alumnos teñen que resolver e enviar.

Cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes; enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade de autoaprendizaxe e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da vida.

ACTIVIDADES

- Preguntas de resposta curta.
- Exercicios de relacionar e comparar
- Exercicios de investigación
- Exercicios de comprensión lectora, auditiva e visual

MATERIAIS

- Documentos con explicación teórica da materia.
- Documentos con exercicios sinxelos sobre a materia enviada.
- Vídeos

Todo este material se lles proporciona aos alumnos a través da Aula Virtual. Ademais contan co libro de texto e libro de lectura.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN:

PROCEDEMENTOS:

- Rexistro de exercicios entregados a través da aula virtual.
- Observación da calidade dos exercicios entregados.

INSTRUMENTOS

- Preguntas de resposta curta.
- Exercicios de relacionar e comparar
- Exercicios de definición de termos.
- Exercicios de investigación
- Exercicios de comprensión lectora, auditiva e visual

CUALIFICACIÓN FINAL.

Para a obtención da cualificación final do curso terase en conta, ademais da nota obtida nas probas obxectivas, o traballo do alumno, a súa participación na resolución dos diferentes exercicios que se realizaron na aula e na casa, e as tarefas feitas de maneira online durante o período de confinamento.

LATÍN 4º ESO METODOLOXÍA

O medio de comunicación con eles será fundamentalmente a aula virtual e tamén o correo electrónico, a través dos cales plantexarán todas as dúbidas e enviarán as súas tarefas e traballos, que o profesor lles entregará corrixidos ao día seguinte. Todos os alumnos teñen conexión a internet e dispoñen do material necesario para seguir aprendendo e traballando na casa pois lles foi entregado o primeiro día de clase. Ademais enviaráselles a través da aula virtual ou do correo electrónico material complementario en formato pdf ou videográfico para consulta e ampliación de contidos.

O enfoque metodolóxico debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da súa vida. Proponse unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo indutivo-contextual, en que as normas se convertan en posesión permanente e en automatismo lingüístico. O enfoque vai dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo, mediante unha estratexia de descubrimento. Procúrase xerar un clima en que as alumnas e alumnos sintan a necesidade de participar activamente no proceso de ensino e aprendizaxe, asegurándonos de que esas interaccións, mesmo se son erróneas, sirvan de estímulo para intentalo de novo.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de exercicios entregados por correo electrónico ou a través da aula virtual.
- Observación da calidade dos exercicios entregados.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Exercicios de declinación.
- Exercicios de análise morfolóxica e tradución de formas verbais .
- Exercicios de análise morfolóxica e tradución de frases.
- Preguntas de mitoloxía.
- Preguntas de cultura.
- Exercicios de latinismos.

CUALIFICACIÓN FINAL

Para a obtención da cualificación final do curso terase en conta, ademais da nota obtida nas probas obxectivas, o traballo do alumno, a súa participación na resolución dos diferentes exercicios que se realizaron na aula e na casa, e as tarefas feitas de maneira online durante o período de confinamento.

Asdo: Manuel Ángel Vázquez Fernández